10 anos INFORMANDO

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

Código Cero

www.codigocero.com

Nº 103_Ano 12

Corazón dixital

O CPDI operará a partir do verán

NOVIDADES DO NOSO AUDIOVISUAL

Así nos proxectamos ante os internautas

VOLUNTARIADO GALEGO EN LIÑA

Internautas cun profesor dentro

PROXECTO LE.ES

Investigando no libro electrónico dende Santiago

TEMOS FIBRA DO PAÍS

R, provedor principal de NCG Banco

AMPLÍAN A PANTALLA DO SAMSUNG GALAXY NOTE

“os novos combos de R?
a oferta brutal, o nome horrible”

R.cm

Ramiro Conluppa
·VERDADES COMO PUÑOS·

- **15, 50 ou 100 megas** dos de verdade
- televisión con **rebobina** e **catálogo**
- chamadas gratis a móbiles

e aforra ata 15 €/mes
se tes o móbil con R

R

novoscombos.mundo-R.com
tendas R ou no **1445**

aforro en función do combo e móbiles **R** con tarifa plana ou mini+internet

Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

plan avanza
www.planavanza.es

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

Sumario

nº 103

» novas

5 Resumo de actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra e dende a nosa terra

» reportaxes

7 Éxitos recentes do audiovisual galego

8 R achegaralle tecnoloxía de telecomunicacións a Novacaixagalicia

9 Ineo aposta por tirar o máximo proveito das nosas empresas TIC no desenvolvemento do país

10 A caixa de suxestións de AJE Galicia permitirá máis contacto empresas-clientes

11 Novidades dende Puntogal, a iniciativa para termos dominio propio

12 Crónica de Nethinking

13 Reconto dos froitos acadados pola aplicación de Meteogalicia para móbiles

14 Premios de Innovación Empresarial da Universidade de Santiago

15 Facemos un repaso polo máis salientábel da nosa innovación recente

16 En marcha a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

18 Visitamos as instalacións do Centro de Procesamento de Datos Integral

20 O Programa de Voluntariado Dixital entra na súa fase formativa

22 A Deputación de Pontevedra renova o seu sistema corporativo de impresión

24 O Proxecto Le.es da Universidade de Santiago investiga no e-book

25 A cultura galega dá mostras de vitalidade na Rede

26 Finalistas dixitais da nova edición dos Mestre Mateo

» gadgets

27 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

» xogos

29 Repasamos o máis salientábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

« 7

« 8

18 »

« 20

26 »

« 29

« 27

» Dez anos atrás...



A punto de saír o "Windows 8 Consumer Preview", lembramos en Código Cero como hai dez anos no noso primeiro número analizabamos o "novo" Windows XP.

A nosa acabada de nacer publicación saía do prelo de Celta de Artes Gráficas en Vigo en formato tabloide e cunha tirada de dez mil exemplares que serían distribuídos en toda Galicia, principalmente universidades, empresa tecnolóxicas, centros comerciais, etc.

Código Cero sairía no seu primeiro ano con periodicidade bimestral e nel amais de analizar o novo sistema operativo, repasábanse diversas páxinas galegas na Rede, e mantiñamos unha conversa sobre o novo DSL, unha tecnoloxía que pretendía facer chegar a alta velocidade de Rede ós fogares dos usuarios, que tempos aqueles.

O proxecto da Cidade da Cultura, os puntos neutros, a recuperación da nosa tradición oral, o "pirateo" de tarxetas de televisión tan de boga naquela época, o CD coas aventuras de Merliño para aprender a nosa lingua, unha iniciativa desenvolvida por Política Lingüística, e a sección de Internet práctico completaban aquel número do que hoxe recuperamos unha das súas páxinas na que lembramos como era o noso portal codigocero.com hai unha década.

» Neste número...

Chegou a primavera e aínda que non teña nada que ver, sobre o papel, coas novas tecnoloxías de información, semella que a vida dixital colle un novo ritmo. Dende as redes non podemos facer que chova, xa nos gustaría, pero si que se pode contribuír a estreitar na medida do posíbel a fenda que separa a unha boa parte da cidadanía galega, aínda, das vantaxes da Sociedade do Coñecemento. Neste senso, unha das estratexias postas en marcha na nosa terra que máis se dirixe a impulsar este traballo e a canalizar este potencial divulgador dos internautas é o Programa de Voluntariado Dixital, unha iniciativa que vai collendo corpo estes días con diversas actividades de formación para os participantes e que se basea en tirar proveito de algo que todo internauta fixo polo menos unha vez na súa andaina dixital: ensinarlle a alguén un coñecemento, un truco ou unha habilidade. O programa, do que informamos polo miúdo nas páxinas centrais, ten xa 137 participantes (voluntarios) e 36 entidades inscritas. Asemade, e para quen queira pórse ao día en Administración Electrónica e no que se prepara para axilizar e facer máis eficaz e sustentábel a xestión TIC autonómica, dicirlle que xa colle corpo o Centro de Procesamento de Datos Integral, emprazado na Cidade da Cultura. Del e das vantaxes que vai pór en xogo falamos polo miúdo nas páxinas centrais da revista.

» O humor de Henrique Neira



Equipo

DIRECTOR_Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com • **SUBDIRECTOR**_Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
SOCIO FUNDADOR_Carlos Ballesteros_c.ballesteros@codigocero.com • **REDACTOR XEFE**_Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_Manolo Gago (Opinión) • Raquel Noya (Reportaxes) • Moncho Paz (Opinión) • Modesto Pena (Redes) • Sevi Martínez (Xogos) • Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_MAQUETACIÓN_Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com • Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_Tórculo Artes Gráficas, S.A. • Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_Grupo Código Cero Comunicación S.L. • Conxo de Arriba nº 49, 1º C • 15706 Santiago de Compostela Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com • redaccion@codigocero.com
Número 103 Publicación periódica. Prezo 2€ • Depósito Legal: C-2301/01 I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546 I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

A xestión tecnolóxica da Deputación de Pontevedra, exemplo de boas prácticas

Os pasados días 2, 3 e 4 de marzo celebrouse en Santiago de Compostela o XI Seminario TIC para Grandes Empresas e Organismos, un evento chamado a servir xa de referente para o sector tecnolóxico do país, no que non faltaron representantes das principais firmas como Microsoft, Intel ou Cisco; así como representantes das administracións públicas galegas que máis compromiso amosan no eido TIC. Entre as administracións atopábase a Deputación de Pontevedra, representada no evento polo responsable de Novas Tecnoloxías da entidade, Amancio Varela, quen participou como relator na mesa As TIC na Administración Local. Prestación de servizos á cidadanía.

Varela, que compartiu mesa cos representantes das deputacións de Palencia e Salamanca, achegou a súa visión persoal sobre o papel que desempeña o organismo que dirixe na asistencia aos concellos en materia TIC, para que estes lle dean un servizo axeitado ás necesidades da cidadanía.

Na súa intervención, Amancio Varela presentou os principais proxectos que a Deputación de Pontevedra ten orientados para a prestación de servizos telemáticos á cidadanía e aos concellos da provincia, entre os que destacan o Proxecto Repoblar para levar Internet de banda larga a toda a veciñanza, e o Proxecto eDepo, co que dixitalizar a Administración e mellorar así a prestación de servizos en liña a toda a cidadanía.

Poré,n as iniciativas tecnolóxicas da Deputación de Pontevedra non quedan aí e Varela citou neste senso a implantación da Rede Multiservizos de Telecomunicacións baseada na tecnoloxía IP; a construción do novo Centro de Proceso de Datos; o Centro de Coñecemento Avanzado, que engloba a dixitalización de fondos documentais, gráficos, audiovisuais e sonoros do Arquivo Provincial e dos concellos da provincia; e os Proxectos depoTIC e Depo GAP.

TIC para Xustiza

O Goberno galego, no marco do Plan Senda 2014 para a modernización da Xustiza e a axilización dos seus trámites mediante a incorporación das TIC, activou 46 dispositivos de conexión 3G para fiscais galegos, que lles permiten o acceso remoto dende calquera recuncho aos recursos dispoñibles na rede interna da Xunta, axilizando e, xa que logo, facendo máis eficiente a nosa Xustiza.

O director xeral de Xustiza, Juan José Martín destacou a utilidade desta tecnoloxía, e explicou que o servizo telemático se pon a disposición dos profesionais dos distintos colectivos vinculados á Administración de xustiza de Galicia "co obxecto de mellorar os seus medios" e "permitirlle realizar as súas tarefas dende fóra das instalacións xudiciais".

Este dispositivo de conexión 3G, configurado nos ordenadores portátiles profesionais dos fiscais, permítelles acceder en liña aos mesmos recursos que terían á súa disposición de estar traballando dende o edificio xudicial, así como acceder á Rede para calquera outra necesidade.

Deste xeito, dende calquera sitio alleo á rede de xustiza e a calquera hora do día, os fiscais poden acceder tanto á intranet da Administración de Xustiza en Galicia como á súa intranet corporativa.

O WebTV de Blusens renova a súa interface de uso

O popular dispositivo da galega Blusens que converte o televisor nunha porta á Internet a a multitude de contidos audiovisuais achegados dende dispositivos externos, a Rede ou a TDT de alta definición, o WebTV, vén de actualizar o seu firmware, o que supón unha renovación da súa interface de usuario (moito máis visual e intuitiva), do seu navegador web (que permite a descarga e reprodución de arquivos directamente, dando a impresión que se está fronte a pantalla dun PC, pois incluso incorpora fichas) e incorpora a función picture-in-picture (PIP) que fai posible gozar de 2 contidos á vez (de xeito que podemos ver un vídeo de Internet a pantalla completa mentres vemos nun pequeno recadro unha canle de TDT durante os anuncios do noso programa favorito).

Esta revisión do WebTV tamén integra servizos de descarga/reprodución de contidos baseados na Internet como Wupload, Uploaded.to, AllMyVideos.net e Movshare, xunto con moitas outras melloras no funcionamento habitual do dispositivo.

Dende Blusens tamén informan de que a popular aplicación MÁS SERIES, que facilita a visualización de contidos compartidos na Internet directamente no televisor, conta cunha nova versión dispoñible no Instalador de Aplicacións do WebTV.

Medios aposta por tirar abaixo as barreiras comunicativas das persoas con discapacidade

Cada vez son máis as apostas innovadoras que se levan a cabo para fomentar a lectura en formatos dixitais e atraer así a máis lectores, porén isto que a priori non ten nada de malo, leva consigo unha certa discriminación das persoas con discapacidade, que están a comprobar como a fenda dixital lles impide acceder, por agora, á mesma información que ao resto, e que a pouca que lles chega non o fai nun formato axeitado á súa lectura.

Precisamente con este fin, o de fomentar unha cultura xornalística de compromiso coa discapacidade, celebrouse en Compostela o seminario Lectura fácil nos medios de comunicación, que inaugurou o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro.

Na súa intervención, Cabaleiro lembrou que "a lectura doada nos medios de comunicación é unha ferramenta que permite achegar a información ás persoas con discapacidade intelectual", e neste senso fixo un chamamento aos profesionais para que "realicen un esforzo de formación e actualización continuas, para así facer posible este achegamento".

O titular de Medios referiuse, ademais, ás actuacións que desde este organismo se levan posto en marcha no eido da discapacidade, e citou entre outros exemplos a edición especial do contido da páxina web da Xunta en lectura fácil, que se estreou coincidindo coa celebración do Día Internacional da Discapacidade, o 3 de decembro.

Un colexio galego elixido pola Fundación Telefónica para a súa iniciativa de educación TIC

Hai presenza galega no Proxecto Escolas Amigas da Fundación Telefónica. Esta presenza vén da man do CEIP Carballal, de Marín, que foi seleccionado pola entidade para participar na terceira edición do dito proxecto educativo-tecnolóxico, a convocatoria 2012-2013, cuxa finalidade é mellorar a achega docente a través da participación plena das novas canles e servizos dixitais. A isto cómpre engadir o seguinte cometido: promover o intercambio e o achegamento cultural entre estudantes de España e da outra beira do Atlántico. A achega de Latinoamérica, por certo, vén da man de Proniño, que desenvolve o seu labor nos centros educativos procurando a eliminación do traballo na nenez.

Segundo informa a Fundación Telefónica, trátase da primeira vez que unha escola galega participa na iniciativa, un certame que para que esta terceira edición dará acubillo a escolas amigas dunha ducia países do devandito contorno xeográfico, o que supón máis de 150 colexios, arredor de 4.500 alumnos, 230 docentes e preto de 150 voluntarios de Telefónica. O proxecto ten ademais a capacidade de estreitas canles de comunicación entre uns centros e outros. No caso do CEIP galego, o seu irmán docente será a Escola Municipal Heriberto Bignolli, en Mar de Plata, Arxentina. Nun plano máis específico, traballarán xuntas no desenvolvemento dun blog compartido que dará acubillo aos coñecementos e impresións dos estudantes sobre o seu contorno máis próximo, incluíndo patrimonio cultural, artístico, xeografía, marco social, etc. A intención disto é permitir un achegamento a outras realidades sociais. En total, participarán 51 alumnos do CEIP Carballal e 40 da dita escola arxentina.

AO CINEMA GALEGO, POLA REDE

Os vínculos do noso audiovisual coas novas tecnoloxías son cada vez máis firmes e produtivos

Engurras, xa dispoñíbel na Internet

A longametraxe galega *Engurras* baseada no cómic do mesmo nome de Paco Roca está disposta a rachar moldes, e esta arriscada aposta que opta pola animación 2D para ilustrar unha historia ambientada nunha residencia á que vén de chegar o protagonista, un enfermo de Alzheimer, que tece relacións con outros anciáns, intentando manter unha vida de seu. A dureza desta situación está tinguida con toques de comedia e tenrura, para facer soportable esta dramática situación. Pero esta aventura audiovisual non só destaca pola súa proposta artística, senón que tamén é valente no tocante á súa distribución, e a menos de 2 meses da súa estrea cinematográfica chega á plataforma de cine dixital Filmin, filmin.es, de xeito que xa poder verse a través da Internet de xeito legal.

Filmin ofrece a posibilidade de ver *Engurras* en definición estándar e durante 72 horas por 2,95 euros, estando inicialmente dispoñible a obra coa súa dobraxe en español, estreándose a súa versión en galego nos vindeiro días. Con respecto á súa dobraxe tampouco podemos obviar que detrás da mesma están recoñecidos actores galegos como Tacho González, Álvaro Guevara e Mabel Rivera.

Grazas a esta canle de distribución dixital (nada en 2007 coa participación da galega Continental) podemos gozar do filme de Perro Verde Films no noso ordenador, en dispositivos con iOS (valéndonos das aplicacións Filmin e Filmin HD), a través da PlayStation 3, valéndonos dun *media center* Izzaper 4G e incluso a través dun Apple TV.

Facilítase así a distribución desta película independente que non cesa de recoller premios como os Goya ao mellor guión adaptado e mellor película de animación, aos que habería que engadir o recibido no foro europeo de cine de animación *Cartoon Movie* por Manuel Cristóbal, considerado como o mellor produtor do ano. Aínda que a aposta polo dixital non é algo que deba de sorprender se atendemos a que Perro Verde Films é unha das compañías detrás da plataforma de distribución dixital de contos infantís *ContoPlanet*, demostrando que incluso fóra do abeiro de grandes grupos é posible facerse un oco no novo contorno dixital.

En marcha CanleTV

Retomando a aventura emprendida por Flocos.tv a finais de 2008, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) inaugurou CanleTV, un novo servizo de vídeo en liña destinado á difusión e promoción do audiovisual galego con finalidade cultural e divulgativa, que no intre de botar a andar contou con máis de 120 obras. Esta filmoteca virtual (canletv.agadic.info), no canto de tomar un dominio de Internet de seu, achégase a través dun subdominio de AGADIC, e acolle longametraxes, curtas, videoclips, trailers e outros formatos repartidos en categorías e debidamente etiquetados para facilitar a súa exploración e consulta. Tamén conta cun buscador na súa portada, que facilita a localización de pezas audiovisuais a través do seu título. Este novo espazo, como no seu día facía Flocos.tv, está aberto a novas incorporacións.

R EMITIRÁ PARTE DOS CONTIDOS DE PLAY-DOC

O Festival Internacional de Documentais de Tui, Play-Doc, vén de asinar un acordo co operador galego R polo que unha escolma dos filmes máis importantes que pasarán polo festival, así como a obra de grandes realizadores aos que Play-Doc dedicou amplas retrospectivas, exhibiranse no catálogo do vídeo baixo demanda de R.

Deste xeito, a operadora e Play-Doc ofrécenlles a máis de 95.000 fogares a posibilidade de acceder a contidos de calidade que nunca antes chegaran á pequena pantalla e aos que dificilmente se pode acceder fóra do circuíto de festivais deste tipo.

Xa que logo, e unha vez rematada a oitava edición do Festival Internacional de Documentais de Tui, parte da programación de Play-Doc poderá verse na televisión de R, onde o espectador reproducirá ás pezas ao seu antollo, rebobinando, avanzando ou repetindo a súa emisión tantas veces como desexe.

Ademais, a través do vídeo baixo demanda de R, os clientes da operadora terán acceso a información completa de cada un dos contidos, como a sinopse ou a ficha técnica.

Segundo a organización de Play-Doc, "esta é unha oportunidade única para dar un maior acceso e visibilidade a algunhas das mellores obras presentadas no certame ao longo destes 8 anos, e tamén a unha serie de filmes que por cuestións de espazo quedan cada ano fóra da programación do festival".

FIBRA DO PAÍS

O operador galego R convértese no provedor principal de telecomunicacións de NCG Banco

O operador galego R, unha das empresas que máis salienta en España polo nivel de satisfacción dos seus clientes, vén de ser elixida por NCG Banco como o seu provedor principal de telecomunicacións. Máis polo miúdo, a empresa que dirixe Arturo Dopico encargarase da extensión da rede de fibra óptica no tecido de oficinas da nova banca galega, buscándose con estas melloras dous obxectivos fundamentais: o incremento e mellora da velocidade e máis das prestacións e servizos que NCG pon a disposición dos seus 2,9 millóns de clientes repartidos en toda a xeografía española.

O contrato, informa a entidade, cubre os servizos de telecomunicacións e tecnoloxía das 1.000 oficinas, 1.500 caixeiros de NCG Banco, así como as conexións a internet, ademais de todos os terminais, ordenadores e teléfonos da banca.

O operador, en virtude deste achegamento, subministraralle á nova caixa tódalas súas solucións a través dun sistema IP co que se garantirá "ao cento por cento as comunicacións fixas da entidade galega, conectadas cunha rede corporativa privada de fibra óptica". O traballo despregado por R ao abeiro deste contrato xa comezou a dar os seus froitos. De feito, segundo engade NCG, as primeiras liñas de alta velocidade que fornece R xa posibilitaron a conexión de sete sucursais na nosa terra. A intención é acadar un ritmo de 10 oficinas incorporadas cada día ás novas condicións tecnoloxías. Prevese que o servizo fique ao cen por cen preparado en toda España durante este verán.

O contrato ten unha duración de cinco anos con opción de renovación por outros dous. Valórase nun importe de 39,2 millóns de euros "e permitiralle ao banco galego reducir os custos das telecomunicacións nun 24% anual", engade NCG.

As reaccións a este acordo en ámbalas dúas empresas está a ser especialmente positivas. Segundo fai saber Idoia Maguregui, directora xeral de Medios da banca, "investir en tecnoloxía é investir nos nosos clientes e, polo tanto, investir en futuro". A isto, sinala, cómpre engadirlle o valor de investir en Galicia, que se pretende sexa o alicerce futuro da nova entidade galega. Para Arturo Dopico, conselleiro delegado de R, "NCG permítenos, tamén a nós, darlle percorrido ao compromiso que temos cos galegos e coas empresas de Galicia –destas, xa máis de 65.000 son clientes de R- para dotalas das modernas redes de última xeración que dispoñen de maior capacidade, posibilidades de crecemento e adaptación ás demandas do mercado".

Arturo Dopico, conselleiro delegado de R, nunha imaxe de A Nosa Terra

NCG Banco reforza a vertente dixital da súa nova banca extra-galega: EVO

NCG Banco ten novidades no eido dixital, unha boa parte delas achegadas ao abeiro de EVO, a nova entidade xurdida da compañía galega para operar no territorio español, cun sistema propio multicanle de atención ao cliente e 120 sucursais en 69 cidades estatais de tódalas comunidades autónomas agás a nosa, Asturias e León, onde se manterá a marca Novagalicia. EVO, que operará "mantendo múltiples canles de comunicación co cliente" (oficinas, internet, teléfono, etc), conta xa con páxina de seu, evobanco.com, web que se por algo salienta é polo deseño aplicado ao servizo da claridade de funcións e contidos.

En certa medida, non é casual que así sexa, xa que a transparencia é, segundo informa NCG Banco, un dos piares da nova proposta bancaria, que vén da man de José María Castellano e César González-Bueno, presidente e conselleiro delegado de NCG Banco, respectivamente. O seu obxectivo: achegarlle un pulo de innovación ao modelo de espallamento das caixas galegas fóra do seu territorio de orixe. O traballo no plano dixital complétase cun "potente despregue de banca electrónica que inclúe, amais da devandita páxina, un espazo en Twitter (@evobanco), e máis en Facebook (facebook/evobanco)". Por certo que á fronte do proxecto EVO está un profesional con 16 anos de experiencia en banca, José Luís Abelleira (Ourense, 1967) ex xogador profesional de baloncesto e experto en marketing, atención e desenvolvemento de negocio. Abelleira é o responsábel da posta en marcha de EVO, informa NCG Banco.

PROXIMIDADE E PROFESIONALIDADE

A aposta de INEO e as súas empresas polo desenvolvemento tecnolóxico de Galicia

A Xunta de Galicia acaba de anunciar a posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o avance no Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), proxectos que contribuirán a consolidar un modelo de xestión integrado das novas tecnoloxías da información, a incrementar os niveis de eficacia da Administración e a acentuar a dinamización do noso sector.

A entrada en funcionamento do CPDI e da AMTEGA son dúas boas novas para as empresas TIC galegas, que levan anos impulsando o seu propio desenvolvemento e, con isto, o dos sectores produtivos aos que prestan servizos de altísimo valor engadido aplicando criterios de proximidade, calidade e profesionalidade e contribuíndo á súa competitividade no ámbito nacional e internacional.

Dende Ineo, a nosa achega a este labor oriéntase cara a prescrición e asesoramento tecnolóxico aos distintos sectores produtivos. Como referente asociativo empresarial do sector TIC e dende a nosa representatividade en organizacións e institucións empresariais, o noso obxectivo é xerar puntos de encontro entre empresas tecnolóxicas e os diferentes tecidos económicos. Exemplos desta actividade son os proxectos impulsados por Ineo, nos que se veñen desenvolvemento e implantando solucións tecnolóxicas a medida.

É o caso do proxecto REDETAG, desenvolvido por CTI Consultores e Level Telecom (empresas socias de Ineo), en colaboración con ANFACO-CECOPESCA. Este proxecto xerou unha plataforma TIC de control dos sistemas de trazabilidade, xestión de produción, aprovisionamentos, vendas, loxísticas e outros procesos da cadea de valor para as empresas da industria pesqueira e marítima. O proxecto apóiase na xestión de captura de datos en planta, empregando tecnoloxías de radiofrecuencia (RFID) para coñecer a evolución do proceso produtivo e validar un sistema de información integral das plantas de produción.

Outro dos grandes piares da economía galega, o sector téxtil, impulsou a súa aposta polas novas tecnoloxías mediante o deseño e posta e marcha do Proxecto para o Desenvolvemento dun Cadro de Mando Integral, integrado pola Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra e que contou con SIMCe e ASM Soft S.L. como asesores tecnolóxicos. O resultado: a creación dun Cadro de Mando Integral, adaptado ás necesidades e indicadores específicos do sector téxtil, que fornece información de valor para a dirección xeral dunha empresa e para o control estratéxico e o seguimento dos obxectivos fixados en cada un dos centros de responsabilidade.

> "O noso compromiso é, agora máis ca nunca, impulsar o achegamento das TIC a empresas e axentes doutros sectores produtivos"

Un terceiro exemplo do que se pode chegar a conseguir coa colaboración entre empresas TIC e sectores empresariais atópase no proxecto SIPAT (Servizos Integrados para Asociacións de Transporte), desenvolvido por Lambda Calidade e Tecnoloxía e Open-Soft Servizos Informáticos (asesores tecnolóxicos asociados a Ineo), en colaboración coa Asociación de Empresarios de Transportes Discrecionais de Pontevedra (ASETRANSPO). Neste proxecto abórdase a almacenaxe e custodia dos datos dos tacógrafos dixitais dende un interface de usuario que amorea estes datos, facilita a súa interpretación e permite coñecer en todo intre o estado de incidencias: tempos, descansos, posibles sancións, etc. Outro valor engadido é a gravación cotiá de copias de seguridade, que inclúen ademais datos referidos á xestión empresarial.

Proxectos como os descritos son só un exemplo do que se pode chegar a acadar colaborando, en chave de proximidade e profesionalidade, no obxectivo común do medre e do desenvolvemento. O noso compromiso é, agora máis ca nunca, impulsar o achegamento das TIC a empresas e axentes doutros sectores produtivos, a través das confederacións de empresarios e organizacións das que Ineo forma parte como asesor e titor na incorporación de tecnoloxía nos seus procesos produtivos. Este paso (e todos debemos telo moi presente) non só favorece ao tecido empresarial, senón que reverte na riqueza e o desenvolvemento de todo o país.

Lucía Gregorio
Directora xeral de Ineo

Presentación da plataforma REDETAG para a mellora da competitividade do sector conserveiro

O LADO POSITIVO DA QUEIXA

NACE EN VIGO UNHA CAIXA DE SUXESTIÓNS VIRTUAL PARA EMPRESAS E CLIENTES



A Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia), comprometida en axudarllea ás empresas e emprendedores a superar a crise que atravesa o país dende o 2008, vén de iniciar unha campaña de apoio, difusión e promoción daqueles proxectos de calado social que sexan desenvolvidos polos seus asociados, dándolles un protagonismo especial ás iniciativas que promovan as relacións de comunicación entre empresas e sociedade (principalmente en liña) e tamén ás vinculadas á formación.

Xa que logo, un dos proxectos ligados á mellora da comunicación entre empresas e sociedade e que vai contar co apoio efectivo de AJE Galicia, é a web Elbuzondesugerencias.es, unha ferramenta que se presenta ás empresas como unha opción de comunicación en liña eficaz cos seus clientes e traballadores.

A páxina ten como obxectivo recibir todas aquelas suxestións, consultas ou dúbidas que poidan xurdir tanto dos propios empregados das empresas como dos consumidores e clientes, que atoparán aquí un punto de encontro virtual directo cos responsables da compañía.

Ricardo Velasco, director da iniciativa, destaca que a principal vantaxe desta web fronte a outras xa existentes na Rede radica en que "é unha web de usuarios a empresas, cando o habitual é que os usuarios fagan comentarios sobre empresas para influír na decisión de compra de outros".

A finalidade, máis polo miúdo, desta caixa virtual de suxestións é ofrecer unha canle de comunicación efectiva e construtiva de utilidade tanto para as empresas como para os usuarios, pois permite que o destinatario da suxestión interactúe co emisor aínda que este o fixera de xeito anónimo, propiciando que os internautas perdan o medo a deixar os seus comentarios sen posibles represalias e que os empresarios reciban queixas e suxestións que doutra maneira descoñecerían.

A ferramenta permite, por unha banda que os responsables das empresas melloren os seus servizos de xeito continuo, e pola outra, que os clientes e usuarios comproben que as súas suxestións e queixas foron recibidas pola persoa interesada e reciban resposta.

No tocante ao segundo ítem de interese para AJE Galicia, o da formación, a organización apoia a iniciativa da consultora galega de formación Grupo Femxa, que ten previsto realizar máis de 35 itinerarios de formación de balde para a inserción ao mercado laboral de preto de 5.000 mozos e mozas desempregados.

As accións formativas recollidas no plan oscilan entre as 160 e as 300 horas e, como non podía ser doutra maneira, impartiranse na modalidade presencial e en liña, o que lle facilitará aos alumnos e alumnas a asistencia ás clases.

Puntoemprende.com

Os mozos e mozas empresarios de Galicia e Balears veñen de sumar esforzos para lanzar xuntos o proxecto Punto Emprende, puntoemprende.com, un programa que inclúe formación de balde específica para persoas emprendedoras, que lle axudará a levar a cabo con éxito as súas iniciativas empresariais.

O proxecto foi desenvolvido en colaboración coa Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA) e mediante o mesmo agardan "adestrar" a máis de 100 empresarios noveis no manexo das súas habilidades directivas.

Máis polo miúdo, Punto Emprende ten como obxectivo axudar aos mozos e mozas que desexan introducirse cos seus negocios no mercado, a mellorar as súas competencias na xestión do tempo, da motivación e do liderazgo, así como a negociar ou a comunicarse correctamente en público, para o que botan man das posibilidades que ofrecen Internet e as novas tecnoloxías.

O proxecto desenvolverase durante o mes marzo paralelamente en ambas comunidades autónomas, porén estará aberto á participación de mozos e mozas de todo o Estado.

O itinerario iníciase coa realización dun *Test de Habilidades Directivas* (dispoñible xa na web oficial), que orientará aos formadores á hora de deseñar un plano de estudos acorde coas necesidades de cada emprendedor.

Asemade, e como parte do programa, o vindeiro 27 de marzo celebrarase en Vigo unha xornada de encontro con emprendedores, na que o director de Personas de R, Santiago Vázquez, debaterá cos participantes o tema *Intelixencia Emocional e Dirección de Persoas na Empresa*.

Para participar nesta xornada é preciso inscribirse previamente a través da web do proxecto.

ESTAR NA REDE E QUE SE NOS RECOÑEZA

PuntoGal ultima a candidatura dun dominio de Internet para a lingua e a cultura galegas

O Consello da Xunta acordou autorizar a subscrición do convenio polo que a Secretaría Xeral de Modernización aportará á Asociación PuntoGal os recursos financeiros necesarios para presentar a candidatura dun dominio de Internet, o *.gal*, para a comunidade cultural e lingüística galega. A Asociación PuntoGal (puntogal.org), na que colaboran 110 institucións de toda Galicia e da emigración, leva contando co apoio da Xunta durante varios anos e agora tentará superar o exame do ICANN, a corporación internacional que goberna as direccións de Internet. A Asociación PuntoGal e o resto de candidatos teñen de prazo até o vindeiro 13 de abril para remitir a súa proposta. A ICANN baralla un escenario de doce meses aproximadamente para publicar os primeiros resultados do exame. Polo tanto, no próximo ano é posible que se poidan rexistrar dominios *.gal*.

A historia recente dos dominios demostra a viabilidade económica e social dos identificadores culturais. O .cat, para a lingua e cultura catalás logrou rexistrar máis de 53.000 identificadores dende a súa aprobación hai cinco anos, reinvestindo os resultados en bolsas para promover o catalán en internet, entre outras accións. Trátase do único dominio lingüístico aprobado pola ICANN até hoxe.

Cando hoxe alguén dende Galicia rexistra un dominio xenérico (*.com, .net. .org, .info,* etc.) gran parte dos beneficios da operación marchan fóra. Polo contrario, cando se active un *.gal* haberá unha repercusión directa en Galicia. A Asociación PuntoGal, entidade sen ánimo de lucro, destinará o resultado da súa actividade ó fomento da lingua e a cultura na rede e noutras novas tecnoloxías da información e o coñecemento. Os custes necesarios para poder examinarse diante da ICANN (matrícula, aval, etc.) son sufragados grazas ao convenio coa IMIT, cun importe global de 213.000 euros.

> PuntoGaldestinará o resultado da súa actividade ó fomento da lingua e a cultura na Rede e noutras novas tecnoloxías da información e o coñecemento

En total son 110 as entidades adheridas a PuntoGal, incluídas as institucións culturais máis importantes do país como, por exemplo, as tres universidades (Santiago, Vigo e A Coruña), o Consello da Cultura e a Real Academia. Cómpre destacar que entre os socios hai máis de 20 centros de emigrantes noutras comunidades autónomas, Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Bélxica, A Arxentina, Estados Unidos, O Uruguai e Brasil.

Servir de vínculo entre os sitios de Internet da emigración é precisamente outro dos obxectivos de PuntoGal. Ademais, contar cun dominio propio situará o galego no máximo nivel entre as linguas no DNS, o que sen dúbida mellorará o seu prestixio dentro e fóra de Galicia. A efectos prácticos atopar, identificar e ordenar información en galego resultará moito máis doado, tanto para os grandes buscadores como para os internautas.

Eu.gal
www.puntogal.org

Apoio económico de 213.000 euros

A achega da Xunta nesta fronte común a prol do dominio propio galego será de 213.000 euros. Irán destinados á Asociación PuntoGal, a entidade encargada de promover a devandita candidatura, para financiar os custos da obtención do dominio *.gal* na Internet. Este apoio canalízase a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e repartirase en distintas cantidades que irán consignadas á matrícula que esixe a ICANN para poder presentar a candidatura galega, aos avais para garantir a xestión do dominio durante un mínimo de 3 anos e á contratación dun servizo de apoio de carácter administrativo, así como a participación da Asociación PuntoGal nas actividades que ICANN e outras entidades relacionadas co regulamento da Rede realicen durante o presente ano (incluíndo o material informativo e promocional preciso para a participación da Asociación nestes eventos).

DOUS DÍAS NUNHA ILLA 2.0

Anxo Lorenzo na clausura do evento

Os participantes da edición deste ano

Antón Reixa durante a súa intervención

O NeThinking devolveu a reflexión sobre as redes sociais e a comunicación

Tras 2 xornadas de actividade, rematou o segundo encontro #NeThinking, que levou á Illa de San Simón o debate sobre temas como os cambios que están a provocar na nosa sociedade as redes sociais, a necesidade de novos modelos de negocio para a industria dos contidos na conxuntura actual, os cambios que a Rede provoca na comunicación, a protección da propiedade intelectual, a fiabilidade dos contidos na Rede, a problemática da saturación da información... e mesmo unha mirada cara o futuro, conseguindo que, aparte dos participantes presentes na *Illa do Pensamento*, moitas persoas puidesen xuntarse ao debate co Twitter, ferramenta fundamental no evento, e que segundo varios dos presentes, é actualmente o sistema nervioso da información na Rede.

Encargouse de pechar o encontro o conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez Abad, quen destacou a importancia das novas tecnoloxías, do seu coñecemento e uso e, ao fío do mesmo, asegurou que "a Illa de San Simón é estes días un centro de intercambio de ideas sociais e universalmente recoñecida", engadindo á súa reflexión que "resulta sorprendente que calquera persoa, desde calquera punto do planeta, puidera seguir en tempo real, por streaming e Twitter, cada un dos paneis temáticos deste encontro que agora remata".

Participaron no NeThinking numerosos expertos nas redes sociais e activos blogueiros que analizaron a revolución de Internet e os retos que a Rede implica como plataforma de comunicación e relacións sociais. Así entre os asistentes estiveron o director do master de comunicación dixital da Universidade de Alcalá de Henares, Javier Celaya; o xornalista, Antón Losada; o líder do grupo Siniestro Total, Julián Hernández; e o *community manager* de La Voz de Galicia, Nacho de la Fuente, entre outros relatores.

Repercusión do evento

O encontro, que non contou con público presente na Illa de San Simón, foi retransmitido por *streaming* e por Twitter, empregando o *hashtag* Nethinking2012, a través do que os seareiros enviaron todas as súas preguntas. Segundo a organización, o evento tivo un seguimento de máis de 5.000.000 de impresións e por enriba de 1.300.000 seguidores, o que supón mais do dobre e un 33% máis que o ano pasado respectivamente.

Pero as repercusións do evento non están limitadas ao tempo real, senón que os interesantes debates destas 2 xornadas poden verse en diferido a través de Livestream, servizo de vídeo que permite así una reprodución máis pausada dos contidos.

Moitas anécdotas durante o encontro

Xuntar a xente tan activa nos medios de comunicación e as redes sociais facilita que os seus comentarios teñan un amplo eco na Rede, pero hai que admitir que no evento si houbo declaracións e anécdotas que merecían destacarse, resultando especialmente divertida a que se xerou ao redor de Julián Hernández, de Siniestro Total, que durante a primeira xornada do NeThinking salientaba por ser practicamente o único asistente sen un portátil ou un tablet, xa que acudiu *armado* cun caderno e un bolígrafo, pero antes de rematar a segundo xornada, e ante a presión de todos os seus compañeiros de faladoiro rematou estreando conta en Twitter, superando os 100 seguidores en menos dunha hora.

Non deron menos que falar as declaracións de Antón Reixa durante unha conversa sobre propiedade intelectual, na que asegurou que para un uso normal da Rede non era precisa a banda larga, atribuíndo ás operadoras de telecomunicacións os males da industria cultural, o que foi moi criticado polo resto de participantes, rebatido amplamente na Rede e mesmo dando pé a risas cada vez que alguén citaba a banda larga durante o evento.

Non faltaron as voces que apuntaron a que un dos grandes problemas que levan a moitos españois a recorrer ás descargas de contidos por canles non oficiais é ausencia dunha oferta de contidos legais na Rede, así como a falta de valor engadido a moitos contidos, expondo como contraste ás descargas a Spotify, e como varios dos presentes levan un par de anos sen descargar música grazas a este servizo de streaming polo que pagan para ter vantaxes como a ausencia de publicidade ou a posibilidade de levar a música nun dispositivo móbil.

Tamén houbo reflexións sobre o abuso que estamos a facer das ferramentas sociais, a constante confusión entre a comunicación pública e a privada, o exceso de importancia que se dá ao número de seguidores en redes sociais, o exceso de contidos informativos na Rede en contraste co pouco tempo que temos os usuarios de consumilos e mesmo a falta de atractivo da información que ofrece a prensa para xustificar o pago pola mesma. Temas recorrentes neste tipo de eventos, pero que, ao contar cunha participación de perfís variados, puido enfocarse dende ángulos diferentes, que enriqueceron o debate e deixaron claro que estamos moi lonxe de chegar a conclusións sólidas, polo que futuras edicións de NeThinking parecen garantidas.

A INFORMACIÓN DO TEMPO, DE CONTADO

MeteoSIX Mobile rexistra 3.000 descargas en só tres semanas

A aplicación *MeteoSIX Mobile,* posta en marcha na recta final de xaneiro para facilitar a achega da información meteoroló-xica en tempo real, conseguiu 3.000 descargas nas súas tres primeiras semanas de actividade. Segundo engade a Consellería de Medio Ambiente neste primeiro balance de actividade da ferramenta, cómpre ter en conta que a dita cifra de descargas refírese como dixemos ás tres primeiras semanas de vida da aplicación, contabilizadas até o 15 de febreiro, o que pon aínda máis de relevo o interese espertado pola iniciativa. Esta, por certo, pretende ser "un instrumento útil para poder consultar a predición en calquera lugar e intre, polo que se amplía a accesibilidade a este tipo de información por parte dos cidadáns".

O sistema achega dúas vías de acceso. Por unha parte, no Android Market (market.android.com) está dispoñible de balde a aplicación MeteoSIX Mobile, que achega a posibilidade de consultar e personalizar a predición para os lugares *favoritos*. "A aplicación permite buscar sobre un mapa e tamén polo seu nome os lugares e entidades xeográficas sobre as que se desexa consultar a predición e, para cada lugar, poden seleccionarse as variables de predición que máis interesen", informa Medio Ambiente.

Por outra banda, para profesionais e persoas que estean en estreita relación con datos avanzados e inmediatos sobre meteoroloxía, sinalar que está dispoñíbel un servizo web (API) que subministra o coñecemento en formatos de procesamento doado ou incluso directamente inseríbel noutras páxinas web.

"Ao longo do ano 2012 estenderase a aplicación a todo o litoral atlántico e ao resto da Península Ibérica, con novas melloras e servizos; como a posibilidade de coñecer información relativa ás mareas ou o información relativa ás horas de saída e posta de sol", infórmase.

Detrás desta importante ferramenta de consulta atópase a axencia galega MeteoGalicia (dependente da Consellería de Medio Ambiente), xunto co Grupo de Arquitectura de Computadores da Universidade da Coruña, o Laboratorio de Sistemas da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Esta ferramenta desenvolveuse dentro do Proxecto MeteoSIX, que facilita o acceso aos datos meteorolóxicos e oceanográfica cos que traballa MeteoGalicia en cumprimento coa directiva INSPIRE.



Entre as moitas utilidades que achega esta aplicación, nun eido máis específico, cómpre salientar que permite o acceso a predicións numéricas, tanto meteorolóxicas como oceanográficas, para calquera punto da xeografía galega, podendo localizar as consultas no mapa (e gardalas en favoritos) ou facendo uso do GPS do móbil para indicar a nosa posición actual.

O sistema amosa variábeis como o estado do ceo, a temperatura, as precipitacións, a velocidade e dirección do vento, a cota de neve, a cantidade de neve a humidade relativa, a cobertura de nubes, a presión, a altura e dirección de onda, a temperatura da auga e a salinidade da auga.

Aparte dun acceso da aplicación a pantalla completa, tamén é posible executala coma un widget, de xeito que se facilita a súa consulta dende o propio escritorio dos móbiles con Android.

Cómpre sinalar que toda a información sobre a aplicación e o servizo web pode consultarse en www.meteogalicia.es/web/proxectos/meteosix.action. Asemade, tamén é de obrigada visita a web do proxecto MeteoSIX, meteosix.cesga.es.

O proxecto MeteoSIX

MeteoSIX nace en decembro de 2009 coordinado por MeteoGalicia e coa participación do Grupo de Arquitectura de Computadores da UDC, o Laboratorio de Sistemas da USC e o CESGA. Está financiado polo Plan Galego de I+D+i INCITE da Xunta de Galicia en colaboración co proxecto Interreg RAIAco, Observatorio Oceánico da Marxe Ibérica. Os obxectivos do proxecto son dotar a MeteoGalicia dunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) para o acceso aos datos meteorolóxicos e oceanográficos e proporcionar canles de acceso á información axeitadas para o maior número posible de usuarios. O seu obxectivo é proporcionar unha axeitada organización, xestión e difusión da información meteorolóxica e oceanográfica en Galicia co fin de permitir e promover un mellor aproveitamento da mesma en todos os seus eidos de utilidade. Desenvolve tres liñas de actuación.

- A comprensión que os usuarios adquiren da información que teñen ó seu alcance (divulgación dos recursos existentes e formación dos usuarios actuais e potenciais).
- A calidade e cantidade da información (métodos de predición, número de lugares e variables de predición e de observación, elaboración de produtos derivados).
- A accesibilidade da información.

TALENTO MÁIS QUE PROBADO

O certame de proxectos innovadores da USC recoñece o potencial de Menus.es

Os premiados no Pazo de San Xerome de Santiago, nunha foto de Santi Alvite

Un ano máis, a Universidade de Santiago premiou a capacidade dos seus alumnos para tender pontes que faciliten o paso do eido educativo ao profesional, e todo da man de dúas fórmulas de probada capacidade: a innovación e o espírito emprendedor. Todo isto vén a conto para informar de que hai uns días entregáronse no Colexio de San Xerome os premios do XII Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC, un certame no que se impuxeron, como vén sendo habitual, iniciativas cun forte compoñente tecnolóxico-dixital. É o caso de Menus.es, que obtivo o primeiro premio na categoría de Empresa Xove. Deste proxecto orientado a acurtar distancias entre negocios e consumidores xa temos falado en Código Cero con motivo de ter superado a liña dos 7.000 establecementos, ou por ter acubillado interesantes ofertas de descontos de variados produtos e servizos para os internautas.

Polo que respecta ao resto dos premiados, dicir que a estrela da xornada foi sen dúbida Biocen, o proxecto gañador do concurso, obxecto dun recoñecemento de 5.000 euros e de outros 24.000 en financiamento mediante préstamo participativo. O negocio, arestora en desenvolvemento, dedicarase (segundo apunta a USC) á reemprego de cinzas de biomasa e industria madeireira como fertilizantes orgánicos en cultivos forestais, agricultura ecolóxica e agricultura tradicional. Os seus promotores son o profesor Agustín Merino e a enxeñeira Beatriz Omil.

No Salón Nobre do Colexio de San Xerome, xunto a Biocen recibiron recoñecemento os proxectos Geneaqua (especializada en servizos de mellora xenética que facilite a optimización das empresas acuícolas), 2º na categoría de Premio Base Tecnolóxica; Menus.es, 1º premio Empresa Xove; Recursos e servizos xerontolóxicos galegos, 2º premio da modalidade Empresa Xove; e Deroceras, premio Muller Emprendedora. Esta última é unha iniciativa dirixida a achegar servizos de consultaría especializada en xestión e control de especies *praga* de invertebrados terrestres.

Na entrega de galardóns, presidida polo reitor Juan Casares, interviñeron ademais o vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua, Francisco Durán; o subdirector xeral de Apoio á Contratación, aos Emprendedores e ao Traballo Autónomo, Jorge Barros de la Peña; o vicerreitor adxunto de Investigación e Innovación, Pablo Ramil; e o director do programa Uniemprende, Carlos Hernández Sande.

Volvendo a Menus.es, dicir que se trata dunha iniciativa empresarial constituída en 2011 que ofrece información actualizada de menús, cupóns de desconto e restaurantes xeolocalizados de toda España a través da plataforma web do mesmo nome. Os usuarios poden acceder a información relativa ao menú de cada restaurante, distancia á que se atopan, prezo do prato, restaurantes concretos ou menús de distinta tipoloxía, entre outras posibilidades. Arestora xa desenvolven o seu labor no seo da empresa trece persoas, tres en Lugo, nove en Coruña e unha en Madrid, "estando prevista a incorporación de dúas máis de xeito inmediato", informa a USC. E engade: "Ao longo deste ano, en total, incorporaranse ao cadro de persoal dez persoas. Roi Correa, de Ciencias Empresariais da USC, e Joaquín de Santiago, de Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión na Universidade de Vigo, son os promotores".

Por certo que ao abeiro da mesma categoría de Empresa Xove tamén se recoñeceu, como diximos, o importante potencial de Recursos e servizos xerontolóxicos galegos, un proxecto que tamén nos colle de preto tematicamente, en Código Cero, ao vir apoiado en boa medida no uso das novas tecnoloxías da información para a mellora da atención ás persoas maiores. "A iniciativa", informa a USC, "inclúe un servizo de teleasistencia avanzada baseada na comercialización de Telexerontoloxía, dispositivo capaz de achegar ás persoas maiores a través de internet diferentes funcionalidades dos campos da saúde e social como o entretemento cognitivo, a posibilidade de contactar con profesionais por medio de videoconferencia ou a posibilidade de seguir en liña sesións de rehabilitación física". Posta en marcha en 2011, a empresa dá acubillo xa a unha ducia de persoas, sendo a previsión a curto prazo a de ampliar equipo con catro novos profesionais. Os seus promotores son o catedrático da Universidade da Coruña José Carlos Millán, o licenciado en Dereito Sergio Diéguez e María Luisa Ansorena, presidenta da Unión Democrática de Pensionistas e Xubilados da Coruña.

Traballando doado

As novas tecnoloxías xeran melloras laborais en tódalas súas facetas: eficacia, seguridade e comunicación

TIC para favorecer o labor da Policía de Teo

Os veciños e veciñas do Concello coruñés de Teo, poden presumir estes días de contar cunha das Policías Locais máis tecnoloxicamente avanzadas da súa contorna, que lles permite aos axentes membros xestionar en tempo real as sancións de tráfico que impoñan, e eliminar o papel dos tradicionais boletíns, axilizando todo o proceso.

E é que estas forzas da lei veñen de estrear un peculiar sistema informático para a instrución e xestión das sancións de tráfico, que lles posibilita levar a cabo todo o proceso administrativo dende un teléfono móbil tipo *smartphone*, que vai conectado a unha impresora portátil dende a que obter os documentos necesarios.

Deste xeito, o sistema envía de inmediato a información do expediente á Deputación, administración na que o Concello ten delegadas as competencias en sancións de tráfico, evitando que teñan que pasar estes comunicados á man e reducindo a marxe de erro.

Nos seus terminais móbiles, que polo de agora só constan de dúas unidades, os axentes disponen dos datos de todos os vehículos que hai en circulación -posto que están conectados á base de datos da Dirección Xeral de Tráfico (DXT)- e desta maneira, aforran diversas comprobacións que tiñan que facer de xeito habitual, o que facilita a xestión da denuncia mesmo cando o condutor non estea presente.

Segundo informan dende a entidade pública, ademais da maior rapidez na xestión e a redución de traballo administrativo para a Policía Local, o feito de que os datos da denuncia se envorquen directamente na aplicación informática "supón reforzar a seguridade da tramitación e engade unha nova garantía de transparencia".

Prevención de riscos no iPad da man de Redegal

A empresa Redegal vén de pór e marcha unha aplicación para iPad sobre prevención de riscos laborais. Segundo informa a propia compañía galega, a aplicación iCibraoPRL, así se chama, desenvolveuse coa Asociación de Empresarios de San Cibrao. A súa finalidade, engade a empresa, é "xestionar de xeito rápido e eficaz o mapa de riscos do Polígono, facilitando o seu acceso a través dunha visualización áxil dos elementos potencialmente perigosos das empresas". Trátase pois dunha aplicación de uso doado, intuitiva, dirixida a dinamizar e facer máis eficaz o labor dos equipos e profesionais de emerxencias no tratamento e labor despregado en calquera incidente.

Mapa de riscos laborais no iPad

Wiki Preventiva

A Wiki Preventiva (prevencion.ceo.es/wiki) consiste nun centro de formación 2.0 sobre metodoloxías e regulamentos para minimizar os riscos nas nosas empresas. Este acubillo de información e asesoramento vén da man da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) e está, cousa de agradecer, redactado ao cen por cen en galego.

O obxectivo de Wiki Preventiva, máis polo miúdo, é xuntar nunha mesma plataforma o meirande número de contidos posíbeis ligados ao eido da prevención. Asemade, e tendo en conta na súa natureza 2.0, o espazo ábrese á participación directa dos internautas, que poderán interactuar coa Wiki Preventiva nos dous sentidos: recadando información sobre a materia e achegándoa, co fin de enriquecer ao máximo a utilidade da ferramenta. "Nela", engade a CEO, "convivirán a información técnica coas experiencias achegadas polos propios usuarios, de tal forma que o contido sexa o máis completo e actual posible".

Almacén virtual de AEMOS

A Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS) vén de crear unha empresa virtual ficticia na que formar a 20 persoas en materia de loxística de almacén, realizando en liña os labores propios do posto de traballo real. Estas persoas, que na actualidade se atopan en situación de desemprego, son usuarias do Plan Emprego Insere 2.0, e usan esta ferramenta a modo de simulacro, rotando polos diferentes departamentos do almacén virtual e desempeñando as labores propias de cada un. Deste xeito, os usuarios están a aprender a recibir pedidos, a almacenar mercancía, a elaborar albaráns e mesmo a manexar unha carretilla, labores que normalmente requirían distintas accións formativas que se facían por separado, e que por primeira vez, ademais de aglutinalas todas nun só curso, pódense realizar comodamente de xeito virtual.

En marcha a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Conta cun orzamento de partida de 58 millóns para unificar esforzos en política TIC e impulsar o afianzamento dixital

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, destinada entre outras cousas a unificar e rendibilizar esforzos en materia de política tecnolóxica da Xunta, entrou o pasado 9 de marzo en funcionamento. E fíxoo cun orzamento de partida de 58 millóns de euros, que representa a metade do orzamento TIC da Administración autonómica, xa que integra, neste primeiro chanzo, o presuposto tecnolóxico-dixital da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e das cinco Secretarías Xerais da Presidencia. A posta en marcha da AMTEGA, na que comeza a traballar xa o persoal TIC dos devanditos departamentos, foi anunciada ante os medios de comunicación por Mar Pereira, quen foi nomeada directora da Axencia no Consello da Xunta do 16 de marzo. Ao seu xuízo, as vantaxes e beneficios da AMTEGA serán moitos e variados pero, para comezar, cómpre que nos quedemos cos seguintes: significará aforro, un traballo máis eficaz e rendíbel na administración e máis dinamización produtiva do país co sector económico das novas tecnoloxías á fronte.

Para ir creando país tecnolóxico, sinalou a titular de Modernización, entra en marcha, ao abeiro da Axencia, un plan de acción que abrangue 17 proxectos TIC, algúns operativos (como Abalar, Senda ou o Plan de Banda Larga) e outros pendentes de chegar.

En termos xerais e para comprender o alcance da iniciativa no seu conxunto, dicir que a chegada de AMTEGA significará que todo o que nos compete como usuarios de novas tecnoloxías da información en relación directa coa Xunta, como internautas e como cidadáns en comunicación coas administracións, estará baixo un mesmo acubillo. Isto terá repercusións claras a nivel da cidadanía pero tamén terá a súa influencia visíbel a nivel da Administración autonómica. A unificación nunha mesma dirección de todos estes recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxico-dixitais do Goberno galego, dirixidas a "prestar mellores servizos e evitando duplicidades de tipo administrativo", levará da man unha integración e simplificación de infraestruturas. Isto, pola contra e segundo afirmou a titular de Modernización, non implicará a redución do persoal, senón das propias infraestruturas. Unha das consecuencias directas disto, dixo, é o aforro de custes. "A creación da Axencia", sinalou, "permitirá suprimir polo menos 15 departamentos administrativos con competencias duplicadas e acadar aforro de espazo do 40% e de custes do 20%, é dicir, 20 millóns de euros anuais". A maiores, subliñou Mar Pereira, a Axencia fará posíbel unha diminución de entre o 25 e o 30% dos custes de adquisición de sistemas e equipamentos tecnolóxicos en tres anos, o gasto de persoal nun 23% nesta lexislatura e un 50% dos orzamentos na coordinación de proxectos en 2014.

Por certo que a Axencia coincide no mesmo ano coa posta en marcha do Centro de Proceso de Datos Integral da Cidade da Cultura, que forma parte da propia Axencia e cuxa activación esta fixada para o verán. A entrada en funcionamento deste CPD, ao abeiro da Axencia, tamén permitirá unha baixada do gasto tecnolóxico, dixo Mar Pereira, "que suporía un 30% do gasto TIC da Administración autonómica". O que se aforre, engadiu, posibilitará un meirande investimento en proxectos innovadores no sector público galego.

Quen estará baixo o acubillo da Axencia?

Segundo fixo saber Mar Pereira na súa comparecencia cos medios na Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, a Axencia integrará nunha primeira fase á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Amais, tamén dará acubillo ás cinco Secretarías Xerais que dependen da Presidencia. A incorporación destes departamentos supón a integración nun mesmo escenario de traballo do 16% do persoal TIC da Xunta. Con todo, haberá máis incorporacións, un total de seis consellerías ao longo deste ano, o que suporá,

en palabras de Pereira, "o 68% do orzamento TIC da Administración e máis do 50% do persoal TIC". E explicou: "A incorporación das áreas sanitaria e de economía complementarase a partir de 2013 integrando en total a 558 tecnólogos de toda a Administración e o 100% do orzamento tecnolóxico-dixital".

Obxectivos de AMTEGA

Logo de facer fincapé no potencial da iniciativa a prol da eficacia do traballo e da redución de custes no propio seo da Administración, Mar Pereira enumerou algúns dos principais obxectivos da Axencia con respecto aos cidadáns. É dicir: en que medida nos vai beneficiar esta nova liña de actividade integradora?

• Na achega de Internet de alta velocidade a toda Galicia, contemplada no Plan de Banda Larga, tamén incorporado á Axencia. Cómpre lembrar que o Plan ten pendente o seu último treito de traballo, que consiste en levar a Rede a onde non é posíbel facelo con cobertura convencional, sendo preciso botar man do satélite. Esta última fase do Plan (a sexta dun total de seis) abordarase este ano en curso, fornecendo de cobertura ao 6% da nosa poboación que, por vivir en emprazamentos afastados ou de difícil orografía, non pode contar con outra tecnoloxía.

• Coa aprobación da Lei de impulso e ordenación das infraestruturas e telecomunicacións de Galicia. A norma, lembremos, ten como obxectivo "axilizar e facilitar o despregamento ordenado de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio dun xeito homoxéneo, harmónico e respectuoso co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural".

• Coa posta en marcha da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia. Este servizo botará a andar en 2013 e está previsto que integre a tódolos colectivos que participan na resolución das situación de emerxencias dentro do noso territorio, de maneira que se "facilite a intervención efectiva e eficaz dos efectivos implicados e se simplifiquen as tarefas de coordinación entre eles", sinalaron no seu día os departamentos responsábeis da Rede, as Consellerías de Presidencia e Administracións Públicas, Medio Rural, a Secretaría Xeral de Modernización e a entidade pública empresarial Red.es. A Rede empregará o estándar TETRA, a tecnoloxía recomendada a nivel europeo para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública, que xa empregan en centos de redes de máis de 100 países de todo o mundo.

• Coa modernización das administracións públicas, "conseguindo a consolidación da sede electrónica e, en termos específicos, que o 95% dos novos procedementos teñan xa o seu alcance telemático", sinalou Mar Pereira na súa comparecencia cos medios.

> Un dos grandes obxectivos da Axencia é integrar a toda a xeografía galega nun panorama de pleno acceso e emprego das novas canles da información e as telecomunicacións

• Coa posta en marcha do Rexistro Electrónico Único, pola vía de Internet.

• Coa amplificación do Plan Senda para a dixitalización da Xustiza galega. Cómpre lembrar que neste eido houbo novidades recentes, cando se deu a coñecer a finais de febreiro a posta en marcha de 46 dispositivos de conexión 3G para fiscais galegos, "que lles permiten o acceso remoto dende calquera recuncho aos recursos dispoñibles na rede interna da Xunta, axilizando e, xa que logo, facendo máis eficiente a nosa Xustiza", informou no seu día o Goberno galego.

• Co desenvolvemento do Proxecto Abalar para a dixitalización das aulas galegas, que ao longo deste ano prevese que chegará a 180 novos centros.

• Co acadamento do dominio .gal. Neste senso, cómpre lembrar que a Axencia anunciou recentemente que apoiará no plano económico, con 213.000 euros, o labor a prol da consecución do dito distintivo propio para as webs da nosa terra. Este labor de promoción da candidatura lévao a cabo a Asociación PuntoGal. O apoio en cuestión irá dirixido a cubrir a matrícula que esixe a ICANN para poder presentar a candidatura galega, aos avais para garantir a xestión do dominio durante un mínimo de tres anos e á contratación dun servizo de apoio administrativo, así como á participación da Asociación PuntoGal nas accións ligadas ao regulamento da Rede.

• Coa posta en marcha do Programa para o Impulso e Fortalecemento do sector TIC galego, consolidándoo como un tecido competitivo innovador e xerador de emprego. Ao longo do ano habilitarase no Centro Demostrador TIC unha ferramenta que permita a calquera empresa levar a cabo un test de Autodiagnóstico TIC que lle axude a definir o seu grao de madurez dixital.

• Co pulo á Rede CeMIT, que contará con máis accións formativas, sinalou Mar Pereira, sendo o obxectivo este ano a de duplicalas con respecto ás do ano anterior. Serán un total de 3.000 para este ano.

• Co fomento do voluntariado dixital para seguir favorecendo, dende o noso potencial de compromiso solidario, a alfabetización tecnolóxica da sociedade galega. Isto canalízase a través do Programa de Voluntariado Dixital, que coordina a colaboración das galegas e galegos que de, xeito desinteresado, axuden a promover o emprego das TIC e, tamén, a amosar o seu funcionamento e as súas vantaxes. O programa, fíxose saber estes días, conta arestora cun total de 137 voluntarios e 36 entidades de acción voluntaria, que "contribuirán á incorporación das novas tecnoloxías á vida cotiá de toda a cidadanía galega, facendo especial fincapé nos colectivos de maiores e persoas con diversidades funcionais ou motrices", informa a Secretaría Xeral de Modernización.

Vertebración Territorial

Segundo engadiu ante os medios Mar Pereira, un dos grandes obxectivos da Axencia é integrar a toda a xeografía galega nun panorama de pleno acceso e emprego das novas canles da información e as telecomunicacións. Deste xeito, ao seu abeiro aprobarase a primeira Lei para o impulso e ordenación das infraestruturas e telecomunicacións de Galicia, completarase o Plan de Banda Larga co afianzamento da achega vía satélite, darase comezo á rede dixital de Emerxencias e aprobarase o Plan Sectorial de Retegal, que vai dirixido a regularizar os equipamentos de telecomunicacións do ente público.

Administración eficaz

A Axencia ten como obxectivo que a finais do ano "o 95% dos novos procedementos e o 50% do total dos trámites públicos se presenten de xeito telemático na sede electrónica da Xunta". Ademais, sinálase dende Modernización, porase en marcha o rexistro electrónico único para a recepción e emisión por vía electrónica da documentación que os cidadáns presenten agora nos diferentes rexistros da Xunta e dos concellos. "A posta en marcha do Centro de Proceso de Datos Integral no verán será clave para a prestación destes servizos", explicou Mar Pereira, ao que engadiu que unha das súas principais vantaxes é que achegará un proceso de "xestión eficaz dende unha única plataforma tecnolóxica de altas prestacións".

O CORAZÓN DIXITAL COLLE FOLGOS

O CPDI da Cidade da Cultura entrará en funcionamento no verán

O acondicionamento do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) da Xunta de Galicia entra na recta final co obxectivo de comezar a integrar todas as súas plataformas tecnolóxicas de cara a este verán, tal e como explicou o día 28 de febreiro a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, durante a visita ás instalacións do CPDI, na Cidade da Cultura, nas que estivo acompañada pola xerente da Fundación Cidade da Cultura, Beatriz González Loroño, e máis o subdirector xeral de Infraestruturas e Telecomunicacións da Secretaría Xeral de Modernización, Adrián Lence.

A responsable de Modernización explicou que "o Centro de Proceso de Datos é unha plataforma tecnolóxica de altas prestacións para impulsar a innovación tecnolóxica en todos os ámbitos da administración, e polo tanto, nos servizos públicos galegos". Esta infraestrutura chave para conseguir unha administración eficiente permitirá ao sector público desenvolver proxectos innovadores que contribúan a dinamizar o sector TIC da Comunidade.

Na actual fase de execución do proxecto comezaranse a realizar as probas de funcionamento das instalacións, un proceso fundamental para garantir a futura prestación dos servizos dixitais desde o CPDI. Neste sentido, Mar Pereira, explicou que o Centro ten que cumprir uns requirimentos técnicos moi rigorosos acordes coa complexidade técnica do proxecto e que garantan a seguridade e a dispoñibilidade dos servizos aos cidadáns durante o proceso de traslado de preto dos 2.000 servidores e case 3.000 aplicacións que se centralizarán no CPDI.

Esta infraestrutura considerada coma o *corazón dixital de Galicia* comezará a integrar este verán funcións dos 80 CPD, dos cales o 90% carecen de capacidade de crecemento e están afectados por problemas de refrixeración, de dispoñibilidade e de consumos excesivos de enerxía eléctrica, que dificultan unha xestión eficiente. Este proceso consolidarase nun período de dous anos.

Optimización de custos

A posta en marcha do CPDI acadará importantes aforros pola unificación de todos os servizos nunha mesma infraestrutura tecnolóxica. Estímase unha redución do 50% do custo enerxético por metro cadrado e dun 27% do gasto anual da factura eléctrica dos CPD actuais. Tamén reducirá un 30% o investimento en hardware e outro 30% no mantemento do mesmo. Todo isto sumado á reorganización dos espazos liberados nos edificios administrativos da Xunta posibilitará un aforro anual de 3 millóns de euros. Así, unha vez consolidada a infraestrutura, amortizarase os seu custo en menos de dous anos.

1,9 petabytes de almacenamento

O CPDI custodiará todo o arquivo dixital de Galicia, é dicir, toda a documentación que xera a Administración autonómica: procedementos xudiciais, contidos educativos, expedientes administrativos, DOG dixital, historias clínicas, receitas electrónicas … Para

Esta infraestrutura chave para conseguir unha administración eficiente permitirá ao sector público desenvolver proxectos innovadores que contribúan a dinamizar o sector TIC da Comunidade.

xestionar toda esta información e garantir á seguridade e a dispoñibilidade dos servizos o Centro conta cunha capacidade inicial de almacenamento de 1,9 petabytes.

O Centro de Proceso de Datos dará servizo a todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia e a outras entidades públicas como as deputacións provinciais, os concellos e as universidades. En cifras, tradúcese na prestación de servizo a 1.260 centros administrativos, 1.400 centros educativos, 600 centros asistenciais e sanitarios, a 322 entidades xudiciais, 1.500 oficinas de farmacia, e a máis de 90.000 empregados públicos.

1.600 m^2 de instalacións equipadas e seguras

A superficie construída do Centro, situado no soto do Edificio de Servizos Centrais da Cidade da Cultura, é de 1.600 m^2 construídos, nos que se sitúan as salas de servidores, comunicacións, hosting, ademais das salas técnicas de cadros eléctricos e sistemas de alimentación ininterrompida, de operación do CPD, de montaxe de equipos, de copias de respaldo, almacén, a sala de operadores externos de telecomunicacións, a área de refrixeración e subministro de emerxencia (grupo electróxeno) e a sala dos centros de transformación, instalacións que puideron verse durante a visita que fixo a secretaria xeral mentres Adrián Lence, daba boa conta ao resto de visitantes do que xa estaba instalado e do que figurará en cada estancia cando comece o funcionamento dos múltiples servizos que a Administración achegará dende alí.

Para garantir a seguridade do CPDI e a dispoñibilidade de servizo o centro está dotado con varios sistemas que garanten a continuidade do subministro eléctrico en caso de avaría. Por iso conta con dúas subestacións eléctricas independentes, con sistemas de alimentación ininterrompida que permiten manter o subministro no caso de que este falle, e un grupo electróxeno cunha autonomía de 24 horas que se pode prolongar o tempo necesario enchendo o depósito de combustible cada 24 horas.

Outro aspecto de vital importancia para o correcto funcionamento do CPDI é a refrixeración, para manter os servidores e equipos de almacenamento a unha temperatura adecuada, polo que contan cun sistema de climatización que se encargan de arrefriar a sala de servidores, e outros equipos alternativos que, en caso de fallo deste sistema, entran en funcionamento de xeito automático para manter nas mesmas condicións de temperatura.

A nivel de telecomunicacións, o Centro tamén está completamente preparado para ter conectividade incluso no caso de caídas de varias liñas, cun dobre circuíto e canalizacións e mesmo varios operadores de telecomunicacións dando servizo.

Como medidas de protección adicionais todo o equipamento está monitorizado para control preventivo e xestión de toda a instalación e mellora da eficiencia enerxética. Todas as salas teñen sistemas de detección e extinción de incendios, e unha estrutura construída con materiais resistentes ao lume e á auga, ademais dun control por videocámaras e un sistema acceso restrinxido só para persoal autorizado.

Esta infraestrutura avanza así cara á súa posta en servizo o vindeiro verán, cando estea rematada a actual fase de acondicionamento, o que será só o principio dun ambicioso proxecto de migración que dará prioridade á prestación ininterrompida dos servizos a trasladar, de aí que ata dentro de 2 anos non vaia estar o CPDI a funcionar a pleno rendemento, garantindo tamén a capacidade de ampliación que permita adaptar os sistemas ás necesidades que vaian xurdindo nas vindeiras décadas.

INTERNAUTAS SOLIDARIOS

VOLUNTARIADO DIXITAL XA CONTA CON 137 PARTICIPANTES E 36 ENTIDADES INSCRITAS

O Programa de Voluntariado Dixital, dirixido a tirar proveito da solidariedade galega no camiño da e-alfabetización, comezou xa o seu plan formativo. A primeira xornada celebrouse o martes 20 de marzo no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, e contou coa presenza dos responsábeis dos departamentos autonómicos que fixeron posíbel o programa e máis das persoas e entidades que xa están inscritas no mesmo coa arela de compartir o seu coñecemento coa cidadanía. O módulo primeiro centrouse na definición dos obxectivos e o alcance do devandito programa, que vén da man da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e que se encamiña, sobre todo, a loitar contra a exclusión dixital de persoas maiores (buscándose chegar a 3.500 delas ao longo deste ano) e con diversidades funcionais (abranguendo no mesmo período a oito federacións destes colectivos).

A xornada foi inaugurada por Mar Pereira e Ovidio Rodeiro, responsábeis da AMTEGA e Xuventude respectivamente, que fixeron fincapé nas cifras coas que arranca o proceso docente: 137 voluntarios dixitais e do persoal técnico de 36 entidades adheridas. Tamén lles lembraron aos presentes as tres forzas que xunta o programa para conseguir unha forza maior e de longo alcance: solidariedade individual, responsabilidade social das empresas e infraestruturas para dar cabida e canalizar a acción divulgativa.

Volvendo á liña formativa que comezou este 20 de marzo, dicir que incluirá até seis módulos cun total de 140 horas de contidos, presenciais e en liña, a través das aulas da Rede CeMIT, un dos piares, precisamente, do que será o desenvolvemento posterior do Programa. "Unha vez rematada a formación básica, na segunda semana do mes de abril", fixeron saber, "as persoas voluntarias poderán comezar a súa actividade, aínda que recibirán formación continua até xuño". En labores de coordinación, a iniciativa contará coas achegas de VolDixital, encargándose de canalizar a oferta de voluntarias e voluntarios e máis os requirimentos que realicen as entidades voluntarias.

Responsabilidade social das empresas

Como dixemos, ademais da solidariedade individual, súmase a responsabilidade social das empresas TIC e organismos públicos e privados. AMTEGA e a Dirección Xeral de Xuventude salientaron que, amais dos voluntarios e as entidades de voluntariado xa se comprometeron a participar no programa un total de 12 organismos colaboradores, que son institucións públicas e privadas cuxo papel é o de apoio e soporte ao programa de maneira continua e duradeira. Arestora participan: do eido universitario e formativo das persoas maiores, a Universidade Sénior (UDC), a Asociación Cultural Galega de Formación permanente de adultos ATEGAL; do eido asociativo das persoas maiores: a Federación Territorial de Asociacións de Pensionistas e Xubilados UDP; do ámbito Asociativo Persoas con Discapacidade: as oito entidades integradas na entidade CERMI Galicia - COGAMI, FADEMGA-FEAPS Galicia, FAXPG, ONCE, FEAFES Galicia, DOWN Galicia, AUTISMO Galicia e FEGADACE; e dos Colexios Profesionais, o Colexio de Enxeñeiros Informáticos de Galicia.

Ademais, un total de 13 empresas tecnolóxicas xa manifestaron os seu compromiso e o seu apoio. Son as seguintes: 3.14 Financial Contents, Bahía Software, Balidea, Ednon, Everis, Igalia, INFOJC, Level Telecom, Plexus, Quobis, Tecnocom, Training Channel e Visual Publinet S.L.

Infraestrutura de aulas públicas

O Programa de Voluntariado Dixital nútrese dos centros e equipamentos dos que dispón a Administración autonómica con capacidade para acubillar formación TIC. Ao seu abeiro, póñense en xogo 98 centros da Rede de aulas CeMIT, as máis de 300 bibliotecas públicas, os 79 centros sociocomunitarios, os 81 centros CeDIM e outros recursos que poñan á disposición do programa tanto os mecenas como as entidades colaboradoras.

Obxectivos 2012

Segundo fixeron saber Mar Pereira e Ovidio Rodeiro, os obxectivos para finais de ano son acadar a colaboración de 200 voluntarios, 100 entidades colaboradoras, entre entidades de acción voluntaria, empresas e outras entidades, e chegar a catro colectivos en risco de exclusión dixital.

Convocatorias semestrais a través da web

O desenvolvemento do programa divídense en dúas convocatorias, a primeira que se pechou o pasado 29 de febreiro, e unha segunda convocatoria que se lanza en setembro. Nesa data repetirase o proceso e tanto as entidades de acción como os voluntarios poderán incorporarse ao programa a través da web voluntariadodixital.xunta.es. A adhesión das entidades públicas e privadas e as empresas realizarase a través da sinatura dun convenio.

Cluster TIC de Galicia e un bo número de voluntarios

O acto de posta en marcha do programa formativo de Voluntariado Dixital celebrado no CNTG tamén contou coa presenza do presidente do Cluster, Gerardo Crespo, quen participou pola tarde na mesa redonda Experiencias de éxito no ámbito do volun-

Gerardo Crespo nunha imaxe de El Correo Gallego Foto de Almara

tariado e as novas tecnoloxías. Crespo defendeu que as novas tecnoloxías ofrecen extraordinarias oportunidades para pór en marcha formas innovadoras de voluntariado e participación social, fixo unha exposición sobre os principais retos aos que se enfronta o sector TIC galego e explicou cales son as principais liñas de traballo do Cluster. Segundo nos fixo saber persoalmente o presidente da plataforma empresarial galega, esta comparte ao cen por cen os obxectivos do Programa de Voluntariado Dixital, de aí que a colaboración "sexa lóxica e positiva para ámbalas dúas partes". Na súa opinión, o sector TIC galego é o soporte natural para o desenvolvemento de recursos e de plataformas que permitan impulsar novas formas de participación social na nosa terra. Á súa vez, engadiu, o voluntariado dixital ten moito que achegar ao noso sector, "na medida en que contribúe a incorporar ferramentas TIC á vida cotiá dos cidadáns". A contribución do Cluster TIC nesta iniciativa da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)e a Dirección Xeral de Xuventude, baséase en poñer o Cluster a disposición dos xestores do programa "para seguir contribuíndo en formación ou en desenvolvemento de recursos tecnolóxico-dixitais que axuden a acadar os obxectivos propostos". Por outra banda, dixo, algunhas empresas membros do Cluster xa teñen manifestado os seu compromiso para exercer como mecenas dixitais, apoiando o programa con achegas en formación, cesión de espazos, financiamento de eventos ou cesión de material informático.

No que atinxe á súa opinión sobre Voluntariado Dixital, Gerardo Crespo salientou as súas "múltiples vantaxes". Ao seu xuízo, a acción voluntaria é fundamental para que os colectivos que, por diferentes motivos, teñen menos doado o uso das ferramentas TIC poidan beneficiarse destas. "Neste senso, o programa é un acerto", dixo.

A xornada tamén contou coa participación, entre outras achegas, de Cristina Novo Díaz, terapeuta ocupacional do Centro de Novas Tecnoloxías de Fingoi (Centro de Recursos de Persoas con Discapacidade - COGAMI Lugo), Juan Ramón Salido Rodríguez (voluntario dixital en COGAMI Lugo), María Luisa Ansorena Hortega, presidenta de FETEGA-U.D.P, Mª Jesús Blanco Pérez, traballadora social, Rafael Rodríguez Gayoso, presidente da Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA) e Charo Iglesias Granja, coordinadora da Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos.

Imaxe dun obradoiro organizado por MeLiSA

A achega de MeLiSA

MeLiSA, a Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide, foi unha das entidades participantes na primeira xornada de traballo formativo do programa galego de Voluntariado Dixital. A súa presenza significa entre outras cousas que porá en xogo a súa experiencia e a súa arela solidaria para contribuír a que o programa acade o maior número de obxectivos de loita contra a fenda dixital. O colectivo de Melide, un grupo de veciños da localidade seareiros da tecnoloxía e máis polo miúdo da tecnoloxía libre, estivo representado en Santiago por Rafael Rodríguez Gayoso, presidente da entidade. Segundo nos fixo saber, a súa concorrencia neste programa vén dada pola posibilidade de ampliar o ámbito de actuación, así como por contar con apoios para a realización das actividades de voluntariado. Por exemplo: a utilización dos recursos dos que dispón a Rede CeMIT, ou a posible colaboración con empresas privadas que tamén participan no proxecto de Voluntariado Dixital. Segundo informan dende MeLiSA, a súa achega vaise materializar nun coñecemento de portas abertas: "Despois dun proceso formativo, os voluntarios dixitais serán quen de dar resposta a aquelas necesidades que presenten as entidades de acción voluntaria; por suposto, a nosa asociación, e de forma persoal algún dos membros da mesma estaremos dispoñibles para poder aportar o noso coñecemento en todo o relacionado coas tecnoloxías libres e abertas".

Asemade, manifestan, tódolos aplicativos que se inclúen ao abeiro do Programa de Voluntariado Dixital son libres, e iso reforza "o noso papel como fornecedores de coñecemento e experiencia". Ao seu xuízo, a iniciativa proposta por Modernización e Xuventude, ten potencial como para dar bos froitos: "Aínda que o reto é ambicioso, agardamos que o noso apoio axude a lograr os mellores resultados posibles; a exclusión dixital é un problema da sociedade actual, e consideramos que calquera iniciativa encamiñada a vencela debe contar co apoio e confianza de organizacións como a nosa asociación", conclúen.

Búscanse internautas solidarios: antecedentes

Todo internauta, en maior ou menor medida, ten algo de voluntario. Quen se introduciu unha vez no eido das novas tecnoloxías e logo desenvolveu este contacto tivo que ser requirido, por forza máis de unha ou dúas veces, na súa andaina TIC para amosar o seu coñecemento e axudar a algún amigo ou algún parente e iniciar ese mesmo camiño, un camiño que é mellor sempre abordar en compaña. De todas formas, case todo o que se fai neste senso, a nivel solidario-voluntario, faise sen folla de ruta e sen base común de traballo. Achegar máis continuidade, máis coordinación e tirar partido do gran potencial que temos no camiño da e-difusión, é un dos obxectivos do Programa de Voluntariado Dixital impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Traballo (Dirección de Xuventude e Voluntariado). O programa foi presentado o 27 de xaneiro en tódolos seus detalles, incluída a súa web, voluntariadodixital.xunta.es. Agora, unha vez desenvolvida a primeira fase do programa entra en xogo a parte formativa, que foi a que se iniciou, precisamente, o 20 de marzo no Centro de Novas Tecnoloxías, CNTG.

Tanto na primeira cita como no segunda, os responsábeis da iniciativa fixeron fincapé nalgúns dos piares conceptuais, básicos, da proposta: potencial solidario galego para o desenvolvemento e a igualdade, compromiso da sociedade galega a prol da mellora de oportunidades, fomento da cultura de solidariedade. En palabras de Mar Pereira, "era preciso captar internautas voluntarios, potenciar tamén a participación das entidades de acción solidaria ao tempo que se tira o máximo partido dos recursos TIC que xa existen". Estes son, voluntarios, entidades e recursos TIC, de feito, os tres grandes piares da iniciativa, aberta á cidadanía en xeral, pero con intención de facer especial fincapé nas persoas maiores e máis nos cidadáns en risco de exclusión.

Segundo fixo saber Ovidio Rodeiro na presentación do programa, este baséase nunha realidade fóra de toda dúbida: a importancia de acceder ao coñecemento para contribuír ao desenvolvemento persoal e social. "Cómpre mobilizar tódolos recursos posíbeis, non só dende os poderes públicos", dixo. O programa ten como obxectivo canalizar un novo xeito de participación, a participación dos tempos 2.0.

Deputación Pontevedra

A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA RENOVA O SEU SIST NA PROCURA DO

A actual situación económica fai prioritario que os organismos públicos leven a cabo medidas de austeridade e eficiencia co obxectivo de acadar o máximo aforro e optimización nos servizos municipais.

Co proxecto de implantación dun sistema de impresión e xestión documental corporativo, a Deputación de Pontevedra procura unha racionalización do sistema de impresión a través da posta en marcha dun sistema departamental moderno que unifique tódalas necesidades de equipamento, xestión e mantemento dos sistemas de impresión e dixitalización de documentos a nivel de tódolos centros do órgano provincial.

Situación de partida

Antes do inicio do proxecto, a Deputación de Pontevedra contaba cun parque de impresión moi diversificado e multimarca no que a rede de dispositivos viña da man de diversos provedores e a maioría destes eran monoposto ou para pequenos grupos de usuarios.

O mantemento dos equipos de impresión tamén era heteroxéneo, algúns deles estaban adscritos a contratos de custe por páxina con diferentes provedores, cada un coas súas condicións particulares, outros operaban baixo petición de consumibles (torners, kit de mantementos, etc). Isto provocaba unha xestión moi complexa ao contar con múltiples referencias para un amplo número de equipos, cada unha cun stock de seguridade nas oficinas para evitar que se esgotaran. Este stock significaba un investimento inmobilizado nos consumibles, ademais da complexidade de xestión inherente.

Tódolos factores comentados provocaban un crecemento do tempo dedicado ao mantemento dos sistemas de impresión por parte do persoal propio de soporte técnico da Deputación, así como un incremento de custes, debido ao alto índice de incidencias.

Por outra banda, os equipos, ademais de dispor de prestacións limitadas, non tiñan implantada ningunha solución en materia de seguridade e control sobre o uso que os usuarios facían sobre estes. Non se contaba con restricións do emprego de impresión a cor, os equipos situados en corredores e zonas de acceso público non tiñan implantados sistemas para controlar que só foran usados polo persoal autorizado, etc.

Esta situación afectaba a tódolos centros da Deputación de Pontevedra.

Solución implantada

Despois dunha complexa análise de uso do equipamento, así como dos requirimentos de servizos e usuarios, deseñouse unha solución que permitise atallar tódolos problemas existentes e achegase unha serie de melloras de valor engadido ao sistema corporativo de impresión.

A devandita solución trasladouse a un concurso público cuxa adxudicación recaeu nunha das grandes compañías de xestión de servizos de impresión a nivel mundial, RICOH, tal e como podemos ver no recadro de Gartner adxunto:

A empresa adxudicataria decidiu implantar a solución en colaboración cun dos seus partners galegos con capacidade para implantar e desenvolver o proxecto, Din Pontevedra.

A estratexia do proxecto baséase nunha solución moderna e eficiente, cuxa implantación inclúe 255 equipos divididos en: tres unidades de impresión de produción, 166 impresoras e 87 dispositivos multifunción. Malia o alto número de dispositivos instalados, na solución empréganse unicamente 7 tipos de equipos: 3 tipos de impresoras, 3 de multifuncionais e un único tipo de impresora de produción.

Tódolos equipos están conectados na rede, o que permite o seu uso compartido de acordo coas políticas de uso definidas. Ademais, posibilitan impresión dúplex para obter un menor consumo de papel, o que unido ao seu baixo consumo enerxético reducen aínda máis o impacto medioambiental.

Os equipos multifuncionais teñen como obxectivo non só a realización de copias, senón tamén a dixitalización de documentos. Ademais, todos van equipados con finalizador grapador.

Sistema de seguridade e control de custes de impresión

Toda a infraestrutura implantada acompáñase de software Equitrac Office, que posibilita a xestión de custes de impresión en rede mediante o establecemento de cotas por usuario e limitando o acceso a determinadas impresoras e copiadoras, racionalizando así o emprego dos recursos e os consumibles de impresión.

O seu sistema de facturación permite que o administrador estableza prezos e asigne custes para tódalas actividades de impresión en rede. Desta maneira, a Deputación de Pontevedra pode controlar os custes de impresión de tódolos usuarios e departamentos.

A xestión de usuarios no aplicativo realízase de xeito sinxelo e totalmente integrado co sistema de directorio corporativo da Deputación, aproveitando, desta forma, as estruturas organizativas xa existentes dentro do directorio (departamentos, servizos, grupos de usuarios, etc), para as distintas compartimentacións de xestión de custes.

Dentro do marco do proxecto, e baseándonos na información anterior, a Deputación pretende establecer saldos que limiten o número de impresións en cor, segundo compartimentación preestablecida, permitindo a convivencia de múltiples casos e excepcións dentro das mesmas.

Calquera impresión será contabilizada na "conta" do usuario de maneira transparente para o mesmo, con independencia do dispositivo no que realice o traballo, acadando deste xeito unha solución de control de consumos sen atrancos nin complexidades adicionais para o usuario final.

A Deputación buscou a integración de tódolos seus sistemas baixo o uso dunha mesma tarxeta que integra proximidade e tarxeta intelixente (SmartCard) para, desta maneira, simplificar o uso por parte dos usuarios de tódalas súas infraestruturas; é por este feito polo que tódolos equipos multifunción contan con lectores de tarxetas de proximidade para, en caso de determinalo, poder restrinxir o seu uso a persoal autorizado. As tarxetas de proximidade utilizadas son as mesmas cás utilizadas polo persoal da Deputación para desenvolver outras tarefas, como poden ser acceder a áreas restrinxidas con control de acceso, empregar os terminais de fichaxe de control horario ou iniciar sesión nos equipos da rede corporativa.

O sistema corporativo de

TEMA CORPORATIVO DE IMPRESIÓN E XESTIÓN DOCUMENTAL

AFORRO E DA EFICACIA

impresión conta cun sistema de Follow Me que permite aos usuarios imprimir un documento e recibilo en calquera impresora de calquera centro. O devandito sistema baséase no envío de documentos a unha cola de impresión, deseñada para tal fin, de tal xeito que o documento non se imprime até que o usuario se identifica coa tarxeta en calquera dos equipos. Esta solución non só achega as vantaxes de poder imprimir documentos en calquera equipo, senón que tamén achega un sistema de control para a impresión de documentos confidenciais, que só se imprimen cando o usuario está ao carón da máquina.

Infraestrutura Tecnolóxica para Dixitalización

A solución técnica instalada baséase en Global Scan NX Business Server de RICOH. Trátase dunha solución de captura e distribución documental que permite a captura de documentos en papel converténdoos en arquivos electrónicos, pero ademais ten capacidade de post-proceso (recoñecemento de caracteres, conversión de formato, etc) e distribución dixital a correo electrónico, cartafol compartido, fax ou xestor documental.

A seguinte figura amosa o esquema básico da solución:



A propia pantalla táctil dos equipos multifuncionais amosa iconas moi intuitivas que permiten lanzar o escaneo de documentos. Estas iconas están configuradas cun formato de documento preestablecido e con información de destino, o que fai posible escanear nun só paso, "seleccionar e listo", sen ter coñecementos especiais. Calquera persoa da Deputación pode dixitalizar sobre a marcha.

O sistema posibilita o paso do documento por proceso (OCR) que realizará unha clasificación básica mediante palabras clave para mellorar os procesos de busca.

Sistema de Recuperación automática de lecturas de contadores @Remote

Co servizo de recuperación automática de lectura de contadores, a Deputación dispón de información sobre a actividade dos equipos multifuncionais e impresoras da súa organización conectados á rede, sendo posible a automatización do envío de contadores e a obtención de informes e análises en liña da actividade de produción de documentos de tódolos dispositivos. Este servizo é posible grazas á conexión dun dispositivo á rede da Deputación, co que se recolle toda a información dos equipos de xestión documental, para poder ser consultada a través dunha web de reportes. Ademais, o sistema subministra información da actividade de impresión en liña en informes gráficos e estatísticos. Con este servizo, ademais das páxinas totais impresas en cor e branco e negro, é posible coñecer polo miúdo o uso por funcións, o uso do parque por modelo así como extraer gráficos de tendencias de uso incluíndo a posibilidade de exportar estes datos a formato Excel. Deste xeito, disponse da facturación detallada e verificable de forma sinxela.

Centro de atención ao usuario

No seo do proxecto inclúese a posta a disposición do órgano provincial dun "Centro de Atención ao Usuario" para a apertura e xestión de peticións de consulta e asistencia técnica. Entre os seus principais cometidos atópanse:

- •Asistencia técnica
- •Petición de consumibles
- •Lectura de contadores
- •Consultas sobre facturas e emisión de duplicados
- •Reciclaxe de consumibles usados
- •Peticións de servizo SAT de garda

O acceso a este "Centro de Atención ao Usuario" pódese realizar vía telefónica en horario laboral ou a través dunha canle web dispoñible as 24 horas, toda a semana.

O centro recibirá de xeito automatizado as alertas dos equipos para realizar as tarefas de mantemento axeitadas por parte do fabricante, incluídas as reposicións de tóner.

O persoal técnico da Deputación só debe preocuparse de que se cumpran os acordos de nivel de servizo, mediante o estudo dos informes de incidencias e da súa trazabilidade completa, se fose preciso, que serán reportados de xeito automático polos sistemas software postos a disposición polo fabricante. Pola súa parte, o usuario final só debe preocuparse de que a impresión teña papel, todo o demais funciona de maneira automática e controlada.

Beneficios conseguidos co proxecto

En palabras de Amancio Varela, xefe de servizo do Servizo de Novas Tecnoloxías, os principais beneficios que se pretenden conseguir con este proxecto son:

- •Racionalización do sistema de impresión, enfocado a un modelo de impresión departamental e con límites de impresión en cor controlados mediante un sistema de cotas.
- •Optimización de custes de produción, ao contar cun contrato unificado de arrendamento e pago por páxina para tódolos equipos, solucións e servizos e que dea cobertura a tódolos centros da Deputación.
- •Optimización de tempos de resolución de incidencias, e polo tanto optimización de custes, ao unificar o parque baixo unha mesma marca/fabricante e supeditado a uns acordos de nivel de servizo.
- •Mellora do sistema de administración e xestión de tódolos equipos, enfocada a la optimización das funcións, entre outras, de acceso, supervisión e control, xestión de activos, consumibles e monitorización, xestión de incidencias, informes, perfís de usuario ou funcionalidade na xestión documental.
- •Mellora do servizo para tódolos emprazamentos.
- •Redución do impacto medioambiental: aforro enerxético por usar equipos de última xeración e retirada de consumibles usados por parte do provedor.
- •Redución de custes directos e indirectos conseguindo un aforro global.
- •Mellora da produtividade dos usuarios grazas á redución de tempo de impresión.
- •Incremento da seguridade documental grazas a mecanismos de encriptación, control de acceso á impresión, etc.

CREACIÓN: NOVOS ÁMBITOS

O proxecto Le.es investiga dende unha óptica galega o fenómeno da literatura electrónica

Captura da web Proxecto le.es

A lectura achega coñecemento pero tamén nos dá pretextos para a investigación. Isto que é aplicábel aos formatos tradicionais é aínda máis pertinente no plano dixital, un terreo en espallamento, pendente de explorar a fondo e rebordante de posibilidades, sobre todo á hora de deixarse levar por outras artes, formatos ou disciplinas. Achegar unha praza fixa e actualizada de investigación sobre a literatura electrónica que se fai no eido estatal, pero dende unha óptica cen por cen galega, é un grandes obxectivos de proxectole.es, web divulgativa inserida no proxecto de investigación da Universidade de Santiago Le.es: A literatura electrónica en España, inventario e estudo.

Segundo informa a USC, a páxina xa inclúe arestora un completo inventario dos autores máis importantes do dito contexto xeográfico dedicados á literatura ao abeiro das novas canles tecnolóxicas, tanto dende o punto de vista da creación en si mesma como dende o estudo arredor desa creación.

A web será un obradoiro, e polo tanto fica aberta como acubillo de estudos constantes e actualizados sobre este eido emerxente, híbrido, da e-literatura. A web e o proxecto do que abrolla veñen da man da Área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela e o seu coordinador é Anxo Abuín, profesor titular da Facultade de Filoloxía. A iniciativa conta co apoio orzamentario da Xunta de Galicia a través do Plan Incite e ao seu abeiro traballan 11 investigadores de toda a comunidade procedentes da filoloxía e a literatura comparada, así como doutros eidos como o teatro ou o xornalismo.

O equipo compóñeno ademais do propio Abuín, a profesora experta en Ciberliteratura María Teresa Vilariño, o catedrático e académico da RAE Darío Villanueva, o profesor da ESAD Alfonso Rivera, e os investigadores da USC Manuel del Río, Andrea Álvarez Pino, David Muíño, María López Suárez, Iria Castro, Saúl Rivas e María Yáñez.

A web, engade a Universidade de Santiago facéndose eco de información achegada polo grupo, atende a diversos ámbitos da creación como o net-art, a performance ou a narrativa transmedia. "Tamén se inclúe unha listaxe de teóricos e críticos que se dedican ao estudo das literaturas dixitais, sobre todo do ámbito español pero tamén de Portugal e Latinoamérica", engádese. Os colectivos potencialmente beneficiarios das achegas deste proxecto son sobre todo os investigadores ligados á produción cultural nas novas canles e plataformas. Como novidade vindeira que xa se albisca ao lonxe, dicir que está previsto acoller un espazo propio para a creación de literatura electrónica feita dende a nosa terra, contemplándose a posta en valor de obras que se adiantaran ao seu tempo ao longo das pasadas décadas, no contexto TIC, arestora non dispoñíbeis xa no seu formato orixinal.

No seo do proxecto, os investigadores apuntan "a especial relevancia" do estudo da performance cultural e artística, en particular aquela que emprega os novos medios, a través do blog Magmática, coordinado por Andrea Álvarez Pino e María López Suárez. Web: proxectole.es.

Para máis información, as persoas interesadas poden dirixirse a info@proxectole.es.

Feira do e-book

Os días pasados celebrouse na Rede a I Feira Virtual do Libro (feriavirtualdellibro.es), un evento en liña de alcance mundial impulsado pola web de edición de libros Bubok.

Trátase da adaptación ao contorno dixital dunha festa da lectura con tódolos elementos dunha xuntanza tradicional do libro, onde se puideron manexar obras, entrar en stands, interactuar co persoal das casetas, falar con escritores ou con editores que estean a presentar as súas novidades. O evento foi dirixido sobre todo aos lectores, autores e editoriais de España e Latinoamérica e tivo por obxecto darlle pulo á industria do libro electrónico e os contidos dixitais legais, sen deixar de lado, iso si, os libros tradicionais en papel.

COIDANDO A NOSA CASA

A CULTURA GALEGA MANIFESTOUSE OS DÍAS PASADOS EN MÚLTIPLES PROPOSTAS E FORMATOS DIXITAIS

Casares en edición dixital



Con motivo do décimo cabodano do pasamento de Carlos Casares, que se celebrou o 9 de marzo, a Editorial Galaxia vai lanzar á Rede a obra dixitalizada deste autor galego, do que din "os guiou durante tantos anos", e que ademais de escritor, "foi compañeiro e amigo". Farao no marco da iniciativa Dez anos con Carlos Casares, que entre outras cousas, inclúe o lanzamento dun blog de seu no que escritores, estudosos, críticos e lectores poidan envorcar a súa visión sobre a vida e obra do autor de Ilustrísima. O blog, ao que se poderá acceder directamente dende unha ligazón específica disposta na web da editorial (editorialgalaxia.com), irase actualizando cada dúas semanas con artigos de "diversa profundidade", e estará activo soamente ata finais deste ano.

Blogueiros finalistas nos premios da AELG

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)vén de escoller aos finalistas dos premios á mellor obra publicada no 2011, un galardón que conta coas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, literatura infanto-xuvenil, traxectoria xornalística e blog literario, categoría que, pola súa temática é de obrigado tratamento en Código Cero.

Xa que logo, os 417 socios e socias da AELG escolleron como finalistas na modalidade de Mellor blog literario ao blog *As crebas*, de Miro Villar; o *Caderno da crítica,* de Ramón Nicolás e o *Criticalia*, de Armando Requeixo, profesor de Lingua Galega e Literatura no Ensino Medio e crítico literario colaborador de varios xornais galegos.

Criticalia é un blog no que, tal e como o mesmo nome nos fai presaxiar, o autor desenvolve o seu labor de crítico literario de xeito maxistral e cunha periodicidade que outros blogueiros quixeran para as súas bitácoras, centrándose en obras galegas, que debulla para facilitarlle ao visitante a escolla dunha lectura axeitada aos seus gustos. *O caderno da crítica* é un blog que vai na liña do anterior, no que se achegan entradas relacionadas coa actualidade da literatura galega e novidades en torno ás creacións na nosa lingua. Este autor, que se nos antolla máis ligado ás redes sociais que Requeixo, aposta por incluír na súa bitácora a actividade que leva a cabo en Twitter, dende onde actualiza con máis frecuencia as súas achegas e comentarios. O terceiro finalista, o blog de Miro Villar, *As crebas,* achega a visión particular deste creador en torno á literatura actual, porén aposta máis que os anteriores polos contidos multimedia (imaxes, vídeos e sons) para transmitir o seu sentir. As tres ferramentas das que falamos están aloxadas na plataforma galega Blogaliza. As obras gañadoras daranse a coñecer na Cea das Letras que terá lugar o vindeiro 5 de maio en Santiago.

Pouca presenza do galego nas redes sociais

Os XIV Encontros para a Normalización Lingüística organizados polo Centro de Documentación Sociolingüística do Consello da Cultura Galega, serviron entre outras cousas para tomarlle o pulso ao potencial das TIC para dar batalla polo galego. No encontro abordáronse temas como as redes sociais, os videoxogos e experiencias como as que achegan proxectos dos que temos falado en numerosas ocasións como GalegoLab. Destacou un adianto que fixo o profesor da Universidade de Vigo Fernando Ramallo, dun informe que analiza a presenza do galego nas redes sociais, e que publicarase en abril. O estudo, encargado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, baséase en 1.295 enquisas a estudantes de bacharelato, ciclos formativos e universidade, e quere servir como base para tomar decisións respecto á mocidade galega e as TIC.

Entre a mostra do estudo temos só un 25% de galegofalantes e un 21% de consultados que se desenvolven igualmente en español e en galego, polo que o español tería un predominio claro e, de feito, só o 54% dos galegofalantes optan por empregar só galego nunha plataforma como Tuenti, e só o 20% dos consultados declaran usar o galego en xeral.

Ao expor estes datos Ramallo destacou que "as redes sociais poden entenderse como unha finalidade ou como un medio para mellorar a presenza do galego". O profesor da Universidade de Vigo conclúe que "propostas como Latri.ca ou Cabozo son moi pouco coñecidas, mesmo entre galegofalantes. Logo habería que incidir tamén nas interfaces das grandes redes sociais, pero no que é o propio estímulo da lingua, penso que cómpre un labor en termos máis xerais, fronte á acción específica nestas redes".

A Mesa parabeniza a Google

A Mesa pola Normalización Lingüística vén de parabenizar a Google pola inclusión da nosa lingua no seu servizo Google+. A plataforma que coordina Carlos Callón considera "unha moi boa nova" esta estratexia da multinacional, ao tempo que a anima a seguir o mesmo vieiro cos seus restantes servizos, como a ferramenta de correo Gmail, cousa que xa foi solicitada en varias ocasións pola entidade galega. A Mesa lembra ademais que con este paso adiante de Google, a práctica totalidade das redes sociais máis populares xa permiten o emprego do galego, polo da agora coa excepción de Twitter: "Primeiro foi facebook, cuxa versión en galego é froito da colaboración de internautas na tradución e adaptación e practicamente está completada ao 100%, e posteriormente a rede social tuenti, moi utilizada sobre todo entre a mocidade", informa a Mesa.

DEBULLAMOS AS OBRAS INTERACTIVAS FINALISTAS NOS PREMIOS MESTRE MATEO DESTE ANO

A Academia Galega do Audiovisual deu a coñecer recentemente na Coruña os finalistas da décima edición dos seus Premios Mestre Mateo, aos que concorrían un total de 132 obras, 85 produtoras e 385 profesionais; unhas cifras semelantes ás rexistradas en edicións anteriores que dan boa conta, en palabras da membro da xunta directiva Enmma Lustres, de que "o talento en Galicia non está en crise".

Unha boa parte das candidaturas acapáranas cinco proxectos de diversas disciplinas como son a serie de televisión Matalobos, con 15 nominacións, a longametraxe de ficción Doentes, con 13; a longa de animación Enrugas, con 8; a longa documental Tralas Luces, con 6; e a longametraxe para televisión Eduardo Barreiros, o Henry Ford galego, tamén finalista en 6 categorías.

Porén, ás candidaturas que máis nos interesan a aqueles que devecemos por todo o que ten que ver coas novas tecnoloxías da información e os trebellos electrónicos, a de Mellor Obra Interactiva, optan este ano dúas obras, o conto Area fai seis e Titanio e Plutonio no país do Ciclograma, de Hipotálamo Films. Esta obra interactiva é unha adaptación da curta que leva o mesmo nome, que foi optimizada para xogar na pantalla do noso ordenador e que se presenta en forma dun vídeo VR 360º no que hai que perseguir a un personaxe.

Segundo informaban recentemente no blog El Paraguas de la Rectoría, trátase da primeira película de ficción dispoñible neste formato (vídeo 360º en 3D estereoscópico deseñado para gafas VR con acelerómetro), da cal engaden "sen medo a equivocarse", que "estamos perante a precursora do que serán as futuras películas de realidade virtual".

A outra finalista nesta sección, a obra Area fai seis, é un conto escrito por Araceli Gonda e ilustrado por María Noel Toledo, que naceu abeirado a un proxecto que a editorial Galaxia (por certo, finalista nesta categoría na edición do ano pasado con Contoplanet) preparou para o Instituto Galego de Consumo coa axuda da mestra Ánxeles Abelleira.

Falamos do proxecto virtual Dalle a volta, que se pode descargar de balde na web de Consumo, e que consta de varios elementos entre os que destaca o devandito conto interactivo, creado para concienciar aos máis pequechos da necesidade dun consumo responsable.

O conto permite por unha banda realizar unha lectura normal directamente na Rede, ou ben que se xogue ou interactúe coas distintas pantallas que achega, movendo elementos, escoitando sons...

Asemade, o conto interactivo, desenvolvido tecnicamente pola empresa Moonbite, acompáñase dunha profunda proposta didáctica elaborada pola mestra Ánxeles Abelleira e "representa un material de primeira magnitude para educar nun consumo responsable", afirman dende a editorial.

Dende Galaxia engaden que este proxecto "é un exemplo de literatura multisoporte, na liña do que xa fixemos, por exemplo, con O soldadiño de chumbo, que saiu ao tempo como película en DVD, álbum en papel e aplicación para iPad".

A Xbox 360 celebra o 10º aniversario de Xbox cun atractivo pack

A tenda en liña de Amazon en Francia incorporou un novo paquete de Xbox 360 á venda dende o 9 de marzo que chega para celebrar o décimo aniversario da primeira Xbox en Europa (que chegara ás tendas o 14 de marzo de 2002), polo que ofrecen o modelo con disco duro de 250 Gb da Xbox 360 con 2 mandos sen fíos, os xogos *Halo Combat Evolved Anniversary Edition, Halo Reach, Fable III, Gears of War 2* e 3 meses de *Xbox LIVE Gold* por 280 euros.

Este paquete de Xbox 360 é un bo xeito de introducir a consola de Microsoft no fogar por incluír 2 mandos e varios dos xogos máis significativos desta plataforma, contendo o seu prezo para animar aos indecisos ampliar o parque de máis de 65 millóns de consolas Xbox 360, que pese a percepción que temos dende España, supera por unha boa marxe á PlayStation 3 de Sony.

Na tenda española de Amazon está dispoñible un *pack* semellante cun único mando por só 246,09 euros.

O Galaxy Note medra ata as 10,1 polgadas

Tras as boa recepción comercial do móbil Samsung Galaxy Note, que conseguiu destacar no mercado coa súa enorme pantalla de 5,3 polgadas e a posibilidade de funcionar cun punteiro como se fose unha PDA, Samung quere levar este factor aos tablets e presenta o Galaxy Note 10.1. Este novo dispositivo conta cun procesador de dobre núcleo a 1,4 GHz, conectividade HSPA+, pantalla de 10,1 polgadas cunha resolución de 1.280 x 800 píxeles, cámaras de 3 e 2 Mpíxeles, Wi-Fi, Bluetooth 3.0, GPS, capacidades de almacenamento interno de 16/32/64 Gb, punteiro S-Pen, o paquete de aplicacións de debuxo S-Note, o sistema operativo Android 4.0 e as aplicacións Adobe Photoshop Touch e Adobe Ideas.

Aínda non se anunciaron os datos sobre o lanzamento do dispositivo, pero parece que conseguiu atopar un xeito de destacar fronte aos seus competidores, que parecen máis centrados en mellorar as súas pantallas, as súas cámaras e os seus procesadores, en vez de intentar atopar funcionalidades destacables.

Presentan en Barcelona a familia de móbiles HTC One

Para o Mobile World Congress de Barcelona o fabricante HTC decidiu levar unha nova gama de terminais chamada One, composta inicialmente polos terminais One X, One S e One V, que coinciden en funcionar con Android 4.0, integrar a interface de usuario HTC Sense 4.0, Beats Audio, Watch e 25 Gb de almacenamento en liña a través de Dropbox, así como un módulo de cámara mellorado coa posibilidade de gravar vídeo e tomar fotografías simultaneamente.

Esta familia de móbiles comeza polo modesto HTC One V, con pantalla de 3,7 polgadas cunha resolución qHD, procesador de dobre núcleo a 1 GHz, 512 Mb de RAM e cámara de 5 Mpíxeles con gravación de vídeo a 720p; para pasar logo ao HTC One S, que xa conta cunhas prestacións bastante elevadas, destacando por ser o terminal de HTC máis delgado ata o momento (8 milímetros de grosor). O HTC One S ten un procesador Qualcomm S4 MSM8960, pantalla Super AMOLED de 4,3 polgadas e resolución qHD, 1 Gb de RAM, cámara de 8 Mpíxeles con gravación de vídeo a 1.080p e batería de 1.650 mAh.

Pero non conformes con co anterior, o HTC One X quere converterse no dispositivo a seguir (cando menos ata que chegue ao mercado o Samsung Galaxy S III) e presume dun procesador nVIDIA Tegra 3 a 1,5 GHz (con 4+1 núcleos), aínda que tamén terá unha versión reducida co mesmo procesador que o HTC One S. Contará con pantalla Super LCD2 de 4,7 polgadas cunha resolución de 1.280 x 720 píxeles, 1 Gb de RAM, cámara cun sensor retroiluminado de 8 Mpíxeles e 32 Gb de almacenamento interno.

O móbil Lumigon T2 tamén funciona como mando a distancia universal

A danesa Lumigon levou ao Mobile World Congress de Barcelona o seu novo teléfono Lumigon T2, un elegante terminal co sistema operativo Android 4.0 que destaca polos seus detalles en aceiro, pantalla de 3,8 polgadas cunha resolución de 480x800 píxeles con cristal Gorilla, son de grande calidade grazas á tecnoloxía ICEpower de Bang & Olufsen e a posibilidade de operar como mando a distancia universal para controlar por infravermellos o noso televisor, a nosa cadea de música ou outros dispositivos domésticos coma o aire acondicionado.

Este móbil tamén ten unha boa cámara de 8 Mpíxeles e cun botón lateral dedicado á mesma, facilitando o seu uso. Aínda que a cámara integra recoñecemento facial, tamén será posible premer sobre a pantalla nos puntos que se desexe enfocar. Funciona cun procesador Qualcomm Snapdragon a 1,4 GHz, soporta tarxetas de memoria microSDHC de ata 32 Gb, conta con GPS, compás dixital, Wi-Fi e Bluetooth, e tampouco prescinden de emisor/receptor de radio FM e tecnoloxía NFC, de xeito que non todo é aparencia neste completo terminal que ten un grosor de só 9,9 milímetros. Chegará ás tendas antes do verán.

Wacom lanza unha nova serie de táboas dixitalizadoras profesionais

Wacom presentou a nova xeración de táboas dixitalizadoras para fotógrafos profesionais, deseñadores e artistas, Intuos5, que incorporan tamén o soporte de xestos multitáctiles dando lugar a interaccións co ordenador moi intuitivas, facilitando uns fluxos de traballo eficientes e cómodos. O deseño das táboas Intuos 5 é ergonómico, ambidextro e delgado, cun acabado en negro mate e unha fabricación resistente que chega en 3 tamaños distintos para adaptarse a distintas necesidades.

As novas táboas dixitalizadoras de Wacom parten da Intuos5 Touch S, cunha área táctil de 157 x 98 milímetros, que está á venda por 224,90 euros. O modelo medio, a Intuos5 Touch M, ten unha zona de uso de 224 x 140 milímetros e véndese en dúas versións, unha básica (sen funcións multi-táctiles) por 299,90 euros e outra estándar por 369,90 euros.

Os usuarios máis esixentes poderán adquirir por 469,90 euros a Intuos5 Touch L, que conta cunha ampla zona táctil de 325 x 203 milímetros. Compre destacar que os tamaños das táboas dixitalizadoras tamén afecta considerablemente á súa mobilidade, pois o modelo máis cativo só pesa 660 gramos, pero os 1.800 gramos e a dimensións totais de 487,1 x 317,7 x 12 milímetros do Intuos5 Touch L convertería-no nun produto incómodo de transportar.

Estes dispositivos funcionan en ordenadores con Windows 7 SP1, Windows Vista SP2, Windows XP SP3, Mac OS X 10.5.8 ou superior cun porto USB libre para conectar o pertinente receptor sen fíos, permiten a configuración de ata 8 ExpressKeys, contan cun anel táctil con funcións programables e o seu lapis detecta 2.048 niveis de presión e inclinación para reproducir fielmente a sensación de usar un lapis sobre un papel.

ARCHOS anuncia un tablet infantil económico con Android 4.0

O fabricante francés ARCHOS, reforzando o seu dominio europeo entre os tablets de menos de 400 euros, sorprende presentando un tablet dirixido ao público infantil, o ChildPad, que cunha pantalla táctil de 7 polgadas cunha resolución de 1.024 x 768 píxeles, procesador a 1 GHz, 1 Gb de RAM e incluso o sistema operativo Android 4.0 chegará ás tendas a finais de marzo por só 99 euros, polo que sería o dispositivo deste tipo máis económico do mercado europeo.

O tablet ChildPlay inclúe acceso á categoría infantil da tenda de aplicacións Appslib, que ten 14 sub categorías e máis de 10.000 aplicacións

que inclúen xogos, lecer, comunicación, multimedia, libros, comics, deportes... gozando tamén dunha interface gráfica con iconas de cores rechamantes e cartafoles con xogos, programas educativos e unha completa selección de aplicacións das que gozarán os cativos, entre as que non faltan *Angry Birds, Pig Rush* e *Flight Frenzy.*

A nova tablet de ARCHOS cumpre coas normativas CIPA e COPPA que garanten un contorno seguro para os nenos e ofrecen un servizo de control parental para tranquilidade dos proxenitores máis responsables.

THE WALKING DEAD

Nas vindeiras semanas a serie contará cun videoxogo descargable

Marcus Fernández

Nunha entrevista con Digital Trends durante a Game Developers's Conference de San Francisco o co fundador e director xeral de Telltale Games, Dan Connors, desvelou que o xogo baseado en *The Walking Dead* vai remitirse para a súa aprobación para as plataformas de descargas Xbox LIVE Arcade e PlayStation Network a mediados de mes, polo que a finais de abril poderiamos ter este xogo no mercado, a tempo para aproveitar a popularidade da serie televisiva que rematará a súa segunda tempada a semana que vén (aínda que cómpre destacar que o mundo no que terá lugar o xogo será o do cómic orixinal de Robert Kirkman, e non o da serie de televisión derivada).

Connor tamén adiantou que a súa compañía está a traballar na adaptación da serie de comics *Fábulas* de Bill Willingham, que ten previsto o seu lanzamento no terceiro trimestre do ano, e do que amosarán imaxes na vindeira edición do E3 e durante a San Diego Comic-Con do mes de xullo.

SIMCITY

O xogo SimCity rexurdirá para PC en 2013

No contorno da Games Developers Conference tivo lugar un evento chamado *EA Game Changers* no que Lucy Bradshaw anunciou que o ano que vén a franquía *SimCity* vai volver ao PC, nun xogo que vai incluír moitas novidades, no que podería entenderse como unha actualización do xogo aos tempos actuais.

Este novo título, coñecido por moitos como *SimCity 5* (aínda que o seu nome oficial será simplemente *SimCity*) está a ser desenvolvido polo estudo EA Maxis, e ofrecerá uns gráficos tridimensionais moi coidados, dirá adeus as estradas sempre rectas e contará cunha característica chamada *Social Flow* que indica que o que realicemos na nosa cidade terá repercusións noutras poboacións (e viceversa) pois o seu mundo terá recursos limitados.

Código QR

Trailer do xogo

ASSASSIN'S CREED III

Assassin's Creed III sairá o 31 de outubro

A primeiros de mes non foron poucas as imaxes e informacións que foron filtrándose sobre o xogo *Assassin's Creed III* co gallo das páxinas que ía dedicarlle a revista *Game Informer* e da portada que a propia Ubisoft publicou en Facebook, deixando claro que este título estaría ambientado na Revolución Estadounidense, e adiantando algunhas situacións nas que podemos ver ao protagonista tendendo unha emboscada a un grupo de soldados británicos. Finalmente a cousa vai máis aló de imaxes de arte conceptual e *Assassin's Creed III* estrea trailer, cumprindo con creces coas expectativas creadas.

O xogo confírmase que chegará a PC, PlayStation 3 e Xbox 360 o 31 de outubro, estando tamén en preparación unha versión para a futura Wii U. Tamén achéganse detalles como que o protagonista chámase Ratohnhaké:ton, aínda que tamén responde ao nome de Connor; que participarán na historia personaxes históricos como George Washington; e que para avanzar graficamente vai contar cun novo motor chamado Ubisoft-AnvilNext.

ALAN WAKE

Alan Wake estrea episodio descargable para Xbox 360

Tras o lanzamento da versión para PC de *Alan Wake* a través de *Steam*, adaptación do xogo que inicialmente saíra para Xbox 360 que conseguiu amortizarse en só 48 horas, e que a finais de febreiro estreou un novo capítulo para a consola de Microsoft, *Alan Wake'es American Nightmare*, que xa pode adquirirse por 1.200 puntos (14,4 euros), ofrecendo unha aventura máis cativa que o título orixinal, que ben podiamos comparar cun episodio dunha serie de televisión, que de ter boa acollida podería consolidar esta fórmula episódica que tan ben podería encaixar nesta franquía.

Nesta nova aventura Alan Wake loitará contra o servo da escuridade, o malvado Sr. Chirridos, nunha trama totalmente nova na que aparecerán hordas de inimigos, poderán empregarse armas de grande potencia e explorarse fascinantes escenarios de Arizona. O xogo contará cun modo Historia que conservará a esencia da saga (na que a supervivencia é o máis importante) e un modo Arcade no que haberá que dominar a mecánica de combate con luz para sobrevivir e derrotar aos inimigos nos marcadores en liña.

A REVISTA DE Ciencia E Tecnoloxía DE GALICIA

Novas | Reportaxes | Innovación | Trebellos | Xogos



Síguenos en:

www.codigocero.com
o noso boletín de novas

En breve tamén en:

FO

os foros tecnolóxicos de Código Cero

Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola

Deputación Pontevedra

INTERNET NAS **ZONAS RURAIS** DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas, sempre conectados

1 Mb

17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)

Chama, infórmate e contrata no

1630

TELÉFONO GRATUÍTO

Servizo **ofrecido por:**

tngo INTERNET

www.repoblar.depo.es
www.tngo.es

Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"